



POR UN PLAN  
ESPECÍFICO PARA O  
RURAL GALEGO

**CONFEDERACIÓN ANPAS GALEGAS**

## CAPITULO I – PRESENTACIÓN

Cal é a achega das anpas .....	3
A escola e a contorna .....	5
Diagnose do problema.....	8

## CAPÍTULO II – ENCONTROS COAS NAIS E PAIS DO ESTUDANTADO GALEGO

Que ten de positivo a escola rural ? .....	9
Que ten de negativo a escola rural.....	11
Os agrupamentos .....	15
O transporte escolar .....	17
A Fenda dixital.....	19
Os comedores escolares .....	20
O desaproveitamento da contorna .....	21
Falta de implicación da Administración local.....	22
O colexio como elemento castelanizador .....	23
A participación das familias nas escolas.....	24
A falta de aproveitamento das oportunidades do rural .....	25

## CAPÍTULO III – A ACHEGA DAS FAMILIAS A TRAVÉS DA ENQUISA EN LIÑA

Características da mostra participante .....	27
Condicións da Escola e do ensino:	
Agrupamentos nas aulas.....	29
A Fenda dixital. Condicións do centro.....	31
A Fenda dixital. A situación nos fogares .....	34
A Fenda na atención á diversidade .....	36
Que centros queremos ?.....	39
Condicións dos servizos complementarios	
Transporte escolar .....	42
Actividades extraescolares no centro .....	44
A oferta na contorna .....	46
A FP.....	47
O que non é estritamente académico:	
A participación das familias .....	48
O uso da lingua galega .....	50
Que significa vivir no rural para as familias .....	55
Conclusións da enquisa.....	57



Rúa Estocolmo, 8  
15707 – Santiago de Compostela  
[anpasgalegas@gmail.com](mailto:anpasgalegas@gmail.com)

[www.anpasgalegas.gal](http://www.anpasgalegas.gal)  
<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>  
<https://twitter.com/ANPASGALEGAS>

Tel 610 616 968 - 600 699 293

## CAPÍTULO IV – OS FOROS

Foro I : definición da contorna .....	61
Foro II : potencialidades do rural: tentar superar o que hai .....	64
Foro III : lingua e cultura.....	68
Foro IV: Que temos que resolver para termos o rural que queremos .....	74

## CAPÍTULO V - CONCLUSIÓNS

E a onde chegamos logo de tanta esculca ? .....	78
---	----

## UN PLAN ESPECÍFICO PARA O RURAL GALEGO.

**Motivación:** Hai un motivo fundamental polo que iniciamos este traballo dende ANPAS GALEGAS, as nenas e nenos do rural galego teñen os mesmos dereitos que o resto de nenas e nenos do país; dereito a un ensino público de calidade e dereito ás mesmas oportunidades. Dende esta perspectiva falamos e queremos que nos escoitedes, sen ela nada ten sentido.

### CAPÍTULO I - CAL É A ACHEGA DAS ANPAS

Este traballo precisa dunha presentación que o coloque na axeitada perspectiva. As Asociacións de Nais e Pais non somos especialistas nin en educación nin en demografía, non podemos ser quen deamos as pautas e o detalle de como se debe cambiar a realidade, pero tampouco queremos rexeitar o noso papel como axentes críticas no mundo que habitamos.

Nós non imos presentar un plan específico que reúna as fórmulas para revitalizar o noso rural, non imos dar solucións concretas case en ningún caso –algún haberá, que hai cousas moi obvias- nin pretendemos saírnos do noso sector, que xa é amplo e importante dabondo como para non atendela de xeito. Así que o que imos dicir é máis ben un catálogo de intencións, un debullar de problemas que están á vista, e tamén daqueles que están algo máis silenciados, ou menos aireados do que deberan.

Nós sabemos que fai falta un plan específico, e que debe ser a Política, con maiúsculas, quen lle dea forma, fondos e obxectivos, por suposto contando co asesoramento profesional necesario. Nós tentamos cumprir a función de aguillar a quen debe facelo; e do que si estamos certas é de que o plan é necesario, porque o noso rural galego é:

- Parte fundamental da nosa realidade económica.
- Canle de ocupación laboral.
- Solución de habitabilidade.
- Garantía de sustentabilidade.
- Exemplo de vida saudábel.
- A nosa peculiar identidade.



Rúa Estocolmo, 8  
15707 – Santiago de Compostela  
[anpasgalegas@gmail.com](mailto:anpasgalegas@gmail.com)

[www.anpasgalegas.gal](http://www.anpasgalegas.gal)  
<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>  
<https://twitter.com/ANPASGALEGAS>

Tel 610 616 968 - 600 699 293

Traballar polo rural é traballar por nós propias, polo futuro das nosas fillas e fillos; sen pretensións bucólicas, nin razoamentos ideolóxicos, eses poden engadirse tamén, pero hai que pedir un certo pragmatismo: o noso rural, tal como foi, tal como aínda pode ser, é fonte de riqueza permanente, seguridade de supervivencia nosa, propia, e un medio útil, achegado e real de mantemento da poboación no lugar a onde pertencemos, que, non nos enganemos, é a principal arela do ser humano, vivir onde nacemos e medramos, aínda que estea ben coñecer o resto do mundo mentres tanto.

Pero para que isto ocorra temos que prestarlle atención, porque deixalo á deriva, tal e como se ven facendo dende hai demasiadas décadas, trae de seu o que está pasando: o rural morre. Pero non morre porque se esgote, morre porque o matan outros intereses a curto prazo case nunca ben intencionados. Noutros países conservaron o seu rural, modernizárono, actualizárono, apoiaron que se incorporase ao mundo que avanza, conseguiron que a súa xente permanecera, e mesmo que outra se achegara, e nós por que non habemos de facelo?.

Este é o noso traballo, porque cremos neste rural temos que mantelo pero, porque tamén cremos na igualdade das nenas e nenos galegos, temos ademais que melloralo e poñelo onde merece, no cumio das nosas atencións.

## A ESCOLA E A CONTORNA:

Todas sabemos que a educación é un proceso vital necesario para que as crianzas se incorporen á vida de grupo, sabemos que é importante que socialicen, que fagan amizades, que coñezan iguais. Nesta altura xa escoitamos falar moitas veces da importancia do xogo, de que a aprendizaxe é múltiple e preferibelmente compartida, temos moitos conceptos aprendidos, outra cousa é que os teñamos colocados no lugar correcto.

Porque sabemos todo iso, pero logo enviamos a unha nena á escola e asumimos que ese é un mundo que mira para dentro, que ten as súas propias normas de comportamento e que se converte nun sub-espazo dentro da vida das nosas fillas e fillos, un sub-espazo que nós mesmas adoitamos valorar positivamente ao principio, pensando que a escola é o lugar onde se aprenden cousas que son necesarias; e igualamos o necesario co académico, un concepto que ven de cando a escola era o lugar de alfabetización elemental e imprescindible; pero ao que quizais agora haxa que darlle varias voltas.

Evidentemente a escola é o lugar onde se aprenden determinadas sabedorías de libro, convén ademais que así sexa, porque as profesionais que alí traballan saben como introducir na mente de nenas e nenos as aprendizaxes que lles van ser necesarias na vida; alí aprenderán a ler, a escribir ou a sumar, mais tamén aprenderán a convivir, a respectar, a tolerar, a incluír e, por riba de todo, aprenderán a seren iguais que as demais, demandando a propia igualdade e construíndo a igualdade das demais dun xeito absoluto. E todos estes valores, que son moito máis importantes que calquera coñecemento, xa non están só dentro das escolas, están, ou deberan estar, en todas partes.

Xa vemos que é necesario que a escola non mire para dentro porque os seus valores teñen que coincidir cos de fóra, e iso non é opcional, é imprescindible. Se os valores son diferentes, a escola non servirá para nada. Pero igual que os valores teñen que seren compartidos, a realidade exterior á escola tamén ten que entrar nela, e aí estamos aínda algo lonxe de conseguilo.

A dinámica de aprendizaxe universalizada, con currículos e textos que son iguais para todo o alumnado, moveu durante moitos anos a roda levando a auga para un muíño que non estaba alí. Que non ten a mesma visión unha nena de Lugo que unha de Alacante é unha realidade obvia, entón, por que lle imos explicar as mesmas cousas e da mesma maneira?, por que non imos adaptar á súa cosmovisión aquilo que queiramos contarlle?, máis aínda, por que non utilizamos o que controla e coñece como porta de acceso para o que aínda lle é descoñecido?. Non descubrimos nada novo, e de feito así se fai en moitos centros escolares, pero hai moitos onde non, tamén hai que sabelo e dicilo.

Aceptada esta idea, simple por demais, aceptaremos tamén a necesidade de que a escola se abra, nos muros e nas ideas, á realidade exterior, e aí tamén entenderemos que non é o mesmo o contexto rural que o contexto urbano (por máis que Galiza teña moi pouco de urbano, algo si que ten na idea da xente), de feito entenderemos que o foco urbano do ensino ten desprazado absolutamente ao foco rural, o que representa unha enorme perda, pero tamén representa o xermolo do enorme desarraigamento do mundo rural que se produce na nosa mocidade. Pero é certo que ese mesmo sentimento de non pertenza e non implicación é tamén o que produce logo, no mundo rural e no mundo urbano, que a xente moza considere como lóxico migrar a outros lugares para traballar, non só por necesidade, senón mesmo polo decorrer ordinario das cousas. **Descoñecer o propio é moi perigoso, porque o que non se coñece non se defende nin se aprecia.**

E non é que sexa a escola a única portadora desa mensaxe que criticamos, hai moitos máis elementos, de feito ese é o gran valor da globalización económica: se non te sentes de ningún lugar poderemos moverte a calquera outro sen que protestes demasiado, non? .

Cal é o seguinte paso?: que a xuventude abandone os seus espazos, que sexamos un país avellentado, e que non haxa repostos xeracionais para o futuro, ou sexa, a morte, do rural nun primeiro paso xa case andado, da cultura nun segundo chanzo, do País completo ao final en non moito máis tempo.

Hai unhas décadas pararíamos aquí, porque todo o mundo entendería que iso non podía tolerarse; pero neste momento hai un elemento que hai que considerar a maiores, cal é o da individualidade crecente. Moita xente dirá “e que máis ten?”, eu o que quero é vivir a miña vida non a dun país ou unha cultura”.

Xa, pero é que aínda non se fabricou a persoa que sexa quen de vivir pola súa conta sen contar co resto; aínda que deixemos de lado o valor da cultura que ven de lonxe, do que nos legaron, que para moitas xa é abondo xustificante como para querer conservala. Aínda que só pensemos na práctica vital da posibilidade de termos unha vida cómoda e segura, todo iso non o imos conseguir se non conservamos o que temos, cada quen o que posúa como sociedade, porque a capacidade para marchar e buscar o propio destino é limitada, e se todas marchamos, non quedarán opcións no destino. E se queimamos as opcións no porto de saída, e somos demasiados para utilizar as do porto de chegada, moitas quedarán no medio do camiño. Aí temos a desgraza eterna da emigración, moi tapada pola historia -porque esta sempre a contan quen tiveron éxito- pero moi real como ben sabemos nesta Galiza nosa.



Rúa Estocolmo, 8  
15707 – Santiago de Compostela  
[anpasgalegas@gmail.com](mailto:anpasgalegas@gmail.com)

[www.anpasgalegas.gal](http://www.anpasgalegas.gal)  
<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>  
<https://twitter.com//ANPASGALEGAS>

Tel 610 616 968 - 600 699 293

En ANPAS GALEGAS sabemos isto, somos nais e pais temos como preocupación básica o futuro das nosas fillas e fillos; e ademais sabemos que se cada quen se preocupa de si propio o resultado vai ser un desastre, porque precisamos o coidado das demais para poder sobrevivir; o mundo é demasiado complexo para resolvelo unha soa persoa.

E nesta procura do futuro das novas xeracións é onde puxemos o foco no rural galego, porque é o temos aquí ao noso carón, porque é o que está esmorecendo dun xeito máis visíbel, e porque é onde vemos que hai inmensas oportunidades para as que veñen detrás, opcións que estamos a tirar abaixo por seguir un discurso que non está feito para a nosa realidade.

A metodoloxía do noso traballo, unha vez centrado o foco do noso interese, foi sinxela:

- 1- Hai que facer unha diagnose do problema.
- 2- Hai que aproveitar o que xa está feito.
- 3- Hai que escoitar a quen debera saber.
- 4- Hai que presentar opcións de cambio.



## DIAGNOSE DO PROBLEMA:

Nós temos unha mirada e non queremos perdela, somos asociacións de nais e pais, estamos vencellados á etapa escolar da infancia e a mocidade; non deixamos de recoñecer o traballo feito por moitos colectivos que teñen ben explicado o que é o rural, cara onde pode ir e cales son as solucións, pero iso faise case sempre en termos económicos, dando por feito que crear estímulos laborais abonda para conseguir asentamentos poboacionais permanentes; mais a nós interésannos tanto os outros condicionantes que tamén están presentes.

Intuímos que a mocidade non marcha só, aínda que tamén, pola falta de oportunidades laborais, que é tanto como dicir económicas, senón que boa parte do abandono do rural ven dado pola falta de posibilidades de teren unha vida tan moderna e actualizada como demandan, que ven sendo a mesma que se demanda no ámbito urbano.

Pero iso era unha intuición, e para corroborala, ou non, decidimos preguntar e fixémoslo de tres maneiras:

- En primeiro lugar xuntando ás familias en grupos de traballo en liña, nos que deixamos que as nais (neste país noso, se alguén participa son as mulleres, os homes semella que non están en ningures) falaran dos problemas que lle vían a viviren no rural. Tentamos que nesas xuntanzas estiveran xentes do rural e tamén do mundo urbano, porque é tan importante a opinión dende dentro, como a percepción dende fóra. Nomeadamente porque é ese “dende fóra” o que crea as expectativas que logo a xuventude non ve posibilidades de cubrir, mesmo moitas veces por riba da realidade obxectiva.
- En segundo lugar, facendo unha enquisa de amplo espectro, dirixida tamén ás familias pero xa sobre a base de preguntas concretas. Concedémoslle moito valor ás respostas recibidas, polo anonimato, que sempre achega maior garantía de sinceridade, e tamén polo interese, unha persoa que faga unha enquisa do tamaño da que nós propuxemos é alguén que ten unha opinión e quere dala a coñecer.
- En terceiro lugar organizamos catro foros de temáticas diferentes, aos que invitamos a diferentes persoas do mundo galego. Aquí xa non había só diagnose, pedímoslle tamén que houbera propostas; son unha visión máis parcial, pero tamén máis solvente porque falamos de xentes que levan unha vida dedicada ao seu quefacer.

Do conxunto do feito tiramos unha serie de conclusións, pero esas contámosvolas ao final.

Agora, comecemos a debullar o traballo:

## CAPÍTULO II - ENCONTROS COAS NAIS E PAIS DO ESTUDANTADO GALEGO:

Fixemos un total de 8 xuntanzas en diferentes zonas galegas, nomeadamente na provincia de Lugo, que é sempre a máis activa cando falamos da realidade rural, e formulamos unha serie de apartados iniciais para comezar a falar, para romper o xeo; pero realmente cómpre máis falar das respostas que das preguntas, porque neste caso había gañas de falar e reivindicar.

Hai que asentir un marco xeral: a xente que vive no rural ten, como é lóxico, a percepción de que todos os problemas veñen desa circunstancia, mais non é certo, hai moitas eivas que se comparten co mundo urbano e que no rural poden verse algo máis resaltadas, pero é simplemente porque o número de alumnado no rural impide que se cumpran nin sequera os mínimos rateos que existen no mundo urbano; pero cando topamos cun colexio urbano con pouco alumnado topamos tamén con idénticos problemas que os que ten o mundo rural; isto é importante porque para facer unha diagnose correcta, hai que diferenciar o que se deriva da pouca demografía do que se deriva da desatención aos grupos minoritarios, no contrario caeríamos no erro de considerar que vivir no rural é a causa de todas as eivas e non é así.

### Que ten de positivo a escola rural?

**A maior atención ao alumnado debido aos menores rateos:** esa é unha resposta unánime das anpas, e un exemplo claro do que non é unha vantaxe do rural mais que dun xeito colateral. Hai colexios urbanos, nas periferias das cidades, ou en zonas que foron avellentando, que teñen idéntica condición, e que permanecen con rateos pequenos, conseguindo o mesmo resultado, unha atención máis personalizada e completa. Aínda que non sexa algo propio do rural, déixanos ver un valor desexado polas familias e pola profesión docente: aulas máis pequenas como premisa innegociábel para unha mellor educación, non é exclusivo do rural, pero aí demóstrase de acotío, e valórase ben.

**A sensación de grupo:** isto si que é unha característica da contorna rural. O alumnado e as familias saben que a escola é unha prolongación da vida social, é a mesma xente a que acode ao centro escolar como alumnado, ou as que constitúen as asociacións de nais e pais, que a que logo forma o soporte social do pobo ou a comarca. De feito é moi común que as anpas sexan moitas veces un entremedias de asociación veciñal, cultural, educativa ou festeira; e que excedan o seu propio ámbito para inserirse noutras áreas máis duradeiras no tempo. Este é un valor?, así se percibe, aínda que tamén ten o risco de contaminar o ambiente educativo rompendo o foco da atención ás crianzas, e poñéndoo no grupo ao completo, trasladando en casos extremos as problemáticas xerais ao ámbito educativo, mais o risco –escaso- paga a pena.

**A crianza en tribo:** aínda que hai que recoñecer que isto é un valor en franco retroceso, é verdade que o pouco alumnado, a facilidade para se coñecer as familias, o costume de favorecer ás demais nun intercambio continuo de traballos compartidos, e a necesidade de coidar as outras nenas e nenos para xerar compañía para as propias, favorecen un tratamento que nas cidades está moito máis localizado e abondo perdido.

**O achegamento coa contorna natural:** as familias reclaman como valioso o feito de estar máis en contacto coa natureza, identificada como menor contaminación, aire máis purificado, alimentación máis saudábel, etc. Habería que pensar se iso é certo; si que o é o feito de viviren nun ambiente máis san, pero non temos claro se iso está a utilizarse no sistema educativo; se o feito de que as escolas estean no rural crea un ensino de ambiente rural, no que se aproveiten as posibilidades da contorna para facer proxectos vencellados á circunstancia climatolóxica, xeográfica, sostíbel, ecolóxica, etc. Vencellados dun xeito absoluto, non sinxelamente ligados ao seguinte punto.

**A posibilidade de aproveitar esa contorna para a aprendizaxe:** aquí as familias falan de bioloxía, de ciencias naturais, da facilidade para entender unha explicación sobre a natureza, ou mesmo de utilizala para facer saídas ao exterior con maior facilidade que noutras contornas. Os soutos están á vista, os animais forman parte da contorna, non hai que facer hortas nos colexios porque están nas casas, e todos os paseos son sendeirismo natural; pero habería que afondar no uso desa realidade, tamén as nenas-os urbanos teñen as catedrais ao carón e iso non quere dicir que entren nelas, que as consideren, ou que aprendan arquitectura e arte de xeito máis doado. Poderíamos pensar se a xuventude rural vive máis no agro que a xuventude urbana polo feito de telo máis preto, e se dentro das casas a vida non é máis semellante do que pode aparentar visto dende a distancia.

**Maior facilidade para a aprendizaxe:** outra resposta totalmente ligada ao pouco alumnado nas aulas, para as nais e pais existe unha identificación constante entre a calidade do ensino e o rateo baixo; de feito non fomos quen a recoller -e tentámolo- cal sería o rateo mínimo desexábel para as familias; e ten que existir, porque hai un punto no que a falta de socialización anula as pretendidas virtudes do maior tempo dedicado.

**Maior atención ás circunstancias persoais:** novamente ligado ao rateo baixo pero visto dende outra perspectiva, a da atención personalizada ao alumnado en canto individuo, non en canto alumna-o. Non cómpre confundilo coa atención ás necesidades específicas de apoio educativo, a xente fala doutra cousa, fala de personalizar o tratamento, de entender a circunstancia, de ser quen a albiscar a excitación, a tristura ou a anguria dun neno. Aí temos que estar de acordo, a máis tempo por crianza, maior atención a cada unha das súas circunstancias, e maior posibilidade de coñecemento individual. Novamente non é un valor DO rural, pero si que é un valor NO rural.

## Que ten de negativo a escola rural ?

Repítese moito a mestura entre o que ven do rural e o que ven do feito de teren pouco alumnado, e mesmo hai unha circunstancia que sempre se opón como negativa e na que hai un fondo desacordo entre a percepción das familias e a opinión do profesorado. Verémolo.

**Menor optatividade:** e non só no que se refire aos cursos superiores da ESO, nos que por suposto a optatividade é inexistente debido outramente aos baixos rateos, o que provoca indirectamente que a ventá que podería abrirse no interese do alumnado ao escoitar falar dalgo novo queda pechada; pero tamén dáse a circunstancia de que a falta de alumnado condiciona que haxa profesorado especialista en infantil, música, educación física ou inglés. A importancia dunha especialista desaparece cando se fala de números. A etapa infantil considérase a base da formación do alumnado e, curiosamente, as especialistas en educación infantil semellan ser as máis prescindíbeis; aínda que as especialistas en música, inglés ou educación física en primaria tamén faltan de acotío, e o normal no rural galego é que esas especialidades estean sendo impartidas por outras docentes. Coidado coa queixa, non falamos de que o profesorado que imparte a materia non estea cualificado, iso é o de menos, porque aos niveis nos que ocorre isto, infantil e primaria, o de menos é a cualificación, que é abonda en case que todos os casos; o importante é que a falta de especialistas anula na práctica a especialidade. Para unha crianza non é tan importante ter un profesor de educación física polo que aprenda especificamente, como polo feito de que outro profesor lle outorga á materia unha importancia que perde se quen llela dá e unha docente que tamén lle dá matemáticas, poñamos por caso. E as familias notan esa falta.

**Menor estabilidade do profesorado:** isto ten moita lóxica: se consideramos como un valor o coñecemento individual que unha docente pode ter do seu alumnado, por suposto queremos que ese valor se manteña e perfeccione ao longo dos anos. Unha docente que non dura no posto é unha ganancia parcialmente estragada.

As anpas están de acordo en que ese valor non debera quedar á vocación ou apetencia de cada docente en concreto, senón que debera ser a administración quen fomentara a continuidade nas prazas do rural, a medio de incentivos económicos que fixeran as prazas do rural máis atractivas para un profesorado que, maiormente, ten unha formación, unha residencia e un interese urbano.

Tampouco esta é unha circunstancia que se circunscribe ao rural, a excesiva mobilidade do profesorado é un problema en todos os centros educativos, pero é certo que os colexios urbanos adoitan ser lugares de destino final, logo dun periplo por centros rurais, polo que novamente o problema non é rural, pero está no rural nunha proporción superior.

**Menor atención ás necesidades especiais:** novamente, non é un problema rural, pero empeora no rural. A menor cantidade de alumnado fai que o profesorado dos departamentos de orientación sexa moi pouco, en moitas ocasións compartido, e ademais en constante cambio por falta de prazas definitivas. Se unha docente que non está demasiado tempo no posto é un problema, unha orientadora que marcha é un tempo precioso case totalmente perdido cada vez que cambia. Outro tanto pode dicirse dun PT ou dun AL, profesionais cuxo traballo gaña en proporción directa ao coñecemento que teñan da nena ou neno co que traballan ao longo dos anos.

Pero é que aquí, por unha vez, o baixo rateo xóganos unha mala pasada. A proporción de alumnado con necesidades especiais é a mesma, loxicamente, nun centro pequeno que nun centro grande, pero o 2 % -por poñer unha porcentaxe ao chou- de 50 é 1, e de 500 é 10; quizais nun centro con dez casos haxa profesorado de apoio, pero nos que só teñen un caso non o hai. A crianza ten o mesmo dereito, e a implicación do profesorado mesmo pode ser superior, pero a realidade dinos que nos centros rurais esa atención non é prioritaria.

Aquí xa comezamos a ver unha característica moi específica dos medios rurais: a necesidade de consideralos singularmente, especificamente, saíndose das porcentaxes e dos catálogos que poden rexer noutros centros escolares.

**Modelo urbano do ensino e de expectativas** : se vivir no medio rural é un valor, tanto pola contorna física, como pola singularidade social, non aprobeitalo é unha eiva.

Fagamos unha aclaración a este traballo, en calquera contexto é fundamental a persoa que desenvolve o seu traballo nesa circunstancia, e pode modificar a realidade positiva ou negativamente segundo a súa implicación, o seu coñecemento, a súa capacidade para desenvolver actitudes axeitadas e dinamizadoras, ou todo o contrario. Pero a voluntariedade, o interese e a intelixencia laboral non o son todo, existen elementos obxectivos que poden dar ao traste cun bo traballo, e existen outros que poden colaborar activamente para que un traballo ben feito se converta nun éxito rotundo.

Cando nós dicimos que o modelo de ensino é urbano falamos diso, da rixidez dun sistema que non ten concibido modelos diferentes para adaptalos á realidade na que se imparten; de feito ese mesmo problema vémosto nas vilas, ou nas cidades pequenas –que son todas as galegas- cando contrastamos o modelo con espazos que son rotundamente urbanos; pero poderíamos falar de rural montaña, rural mariñeiro, rural periurbano, rural vilego ou rural aldeán, por poñer uns cantos exemplos.

O modelo único, que é urbano porque todo é urbano na cultura actual, non permite aproveitar a realidade rural máis que nunha porcentaxe; porque os currículos son tremendamente pechados e enfilan directamente a un coñecemento estandarizado, pero tamén porque existe unha idea consolidada de que o ensino é non só a porta senón tamén o camiño para o logro dunha eficiencia económica laboral no futuro. Nestes últimos tempos avanzamos algo na recuperación dun valor fundamental no ensino: o de formación vital para a persoa; pero non debemos esquecer que aínda colexa e está presente unha Lei como a LOMCE que consideraba que todo o proceso de aprendizaxe era unha preparación para o desenvolvemento dun traballo con valoración económica, e ese traballo é un traballo urbano, industrial, burocrático, non un traballo rural.

Non é que nós digamos que a xente do rural ten que se educar para vivir no rural, dicimos que o importante do ensino obrigatorio é educar ás persoas e non ás obreiras e obreiros do futuro, e que esa educación ten que estar centrada na contorna na que viven para, por unha parte, facelos entender máis doadamente o que se aprende; e, por outra, para que garden como positivo o valor da súa orixe e do seu espazo de crecemento. A idea é global, trátase de medrar satisfeito e non desacomodado, seguro e non acomplegado, pensando en marchar ou en quedar de acordo a conceptos obxectivos de posibilidade e comenencia, e non de acordo, como agora, á idea de éxito ou fracaso persoal ligado a uns logros que non deberan ser nin urbanos nin rurais.

**Dificultade de formación alternativa:** este é outro dos grandes problemas que indican as anpas cando falan do negativo da vida rural para a mocidade. Nun contexto xeneralizado de transporte escolar case obrigatorio, agás das poucas crianzas que residen preto dos centros escolares, onde os autobuses cargan e descargan ás escolares ao principio e ao final da xornada formal, a posibilidade de realizar calquera outra actividade implica necesariamente un desprazamento alternativo dende as súas vivendas. Alguén que poida levalos e traelos ao lugar onde haxa unha clase de música, unha actividade deportiva, unha academia, ou unha festa.

Son poucos nenos e nenas, moitas con dificultade real para se desprazar, o resultado é que a escasa demanda non soporta unha oferta privada de actividade, e non existe unha rede pública organizada que a supla.



Rúa Estocolmo, 8  
15707 – Santiago de Compostela  
[anpasgalegas@gmail.com](mailto:anpasgalegas@gmail.com)

[www.anpasgalegas.gal](http://www.anpasgalegas.gal)  
<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>  
<https://twitter.com//ANPASGALEGAS>

Tel 610 616 968 - 600 699 293

Novamente non é un problema do rural, é un problema da escaseza e dispersión da poboación, e da desigual implicación das administracións públicas na formación non regrada, pero é que onde se dá é no rural. Nas vilas e cidades mal que ben hai unha certa actividade, existen conservatorios, clubs deportivos, asociacións que organizan actividades diversas, academias de idiomas e un maior ou menor etcétera en función do barrio, ou do tamaño da vila, pero hai algo. No rural moitas veces non hai nada, e isto é o mesmo que a optatividade, non é o que se perde en si mesmo, é a imposibilidade de abrir ventás a outros coñecementos, a discriminación negativa que sofre a mocidade rural sobre a urbana ou vilega.

E ata aquí falamos de vantaxes e desvantaxes, non sempre absolutas, na percepción das asociacións de nais e pais do rural galego, algunhas son propias e outras dependen da circunstancia engadida de termos un rural pouco poboado e moi disperso; pero hai unha que ten unha valoración tan desigual, que resulta digna de mención:

**Os agrupamentos:** para as familias rurais é unha clara desvantaxe derivada da necesidade de manter abertos colexios con moi pouco alumnado; normalmente hai unha oposición forte das nais e pais do centro afectado, recíbese como un deterioro da formación que se lles vai dar ás súas fillas e fillos, e provoca, en non poucas ocasións, o abandono do centro por outro no que non exista esa figura e cada curso funcione separadamente.

Para as profesionais da educación, os agrupamentos son unha oportunidade magnífica para desenvolver un proxecto con moitas garantías de éxito, tanto no académico como no persoal; a interacción entre idades diversas e a colaboración entre maiores e pequenas fai que a experiencia teña moitas posibilidades de influír en positivo na vida futura desas nenas e nenos, e de feito hai moitas voces que indican que é un dos valores que noutras latitudes están moi presentes, e que aquí estamos a desperdiciar.

Non deixa de ser curioso que eses mesmos agrupamentos e formacións comunitarias sexan o gran valor das escolas unitarias, unha figura que a Consellaría rexeita e tenta pechar sempre que pode, pero que as familias demandan para que teñan continuidade porque entenden que a calidade do servizo é incomparábel coa que se recibe nun centro de gran tamaño.

Ou sexa, a Xunta quere pechar as unitarias agrupadas, pero quere agrupar cursos nos CEIPs ou CPIs do rural, e as familias rexeitan os agrupamentos pero queren manter as unitarias agrupadas. Como entendemos isto?.



Pois poñendo enriba da mesa un par de reflexións:

- Como o modelo é un modelo urbano, o que as familias teñen como obxectivo é que os seus colexios teñan “os mesmos medios que un colexio do centro de Compostela”, sen valorar que ás veces eses medios non son máis que outra solución a outros problemas que non son os mesmos.
- Como a mestra é a mesma para un curso agrupado que para un separado, considérase que non hai a mesma capacitación. E aquí temos que adiantar un problema: se ben non é unánime a demanda dunha formación específica para exercer no rural galego, si que se incrementa cando se fala da xestión dos agrupamentos, aí si que se considera que debe haber unha formación complementaria.
- Vese o agrupamento como un paso cara a desaparición do centro escolar.
- O modelo de escolas unitarias reivindicadas é un modelo marcadamente periurbano, con familias moi implicadas no mantemento de modelos educativos moi diferentes ao oficial; as familias rurais, xeneralizando, non plantexan un cambio educativo porque abondo teñen con conseguir manter o sistema existente; mentres que as unitarias estanse a converter nun modelo alternativo que –sorprendentemente– xurdiu do mantemento de estruturas onde –aquí si– a chegada dunha ou dúas mestras interesadas pode variar definitivamente a vida dun grupo de crianzas.

Até aquí vantaxes e desvantaxes, na percepción das asociacións e as súas voceiras, pero as reunións deron para moito máis, porque hai realidades permanentes no rural galego que queremos deixar enriba da mesa; como ocorre co dito, non todo depende de estarmos no rural, pero todo existe no rural no que estamos. Tentamos debullar os problemas, e colocámolos sen orde de importancia, pero si de urxencia.

**1.- O TRANSPORTE ESCOLAR:** o transporte escolar condiciona totalmente a vida rural galega. Condiciona cando está e cando falta, modifica os horarios lectivos, fai desaparecer actividades, implica horas de transición gastadas en desprazamentos enormes, provoca grandísimas desigualdades entre o alumnado que vive lonxe e o que vive preto do centro escolar... Falamos diso con calma:

- **Réxese por exclusivamente por criterios de gasto**, unha ruta ten que ser aproveitábel, aínda que isto supoña moitas veces que o alumnado que colle a primeira parada –que normalmente é tamén quen baixa na última á volta- faga un traxecto moito máis longo do que debiera se o autobús fose directo ao colexio; iso ten lóxica, quen vive lonxe, vive lonxe, pero deixa de tela cando se comproba que o obxectivo non é transportar nenos e nenas ao centro, o obxectivo é facelo co menor custo posíbel, aínda que ese custo o paguen os propios nenos e nenas co seu tempo e incomodidade.

- **O horario do transporte condiciona e de feito fixa os horarios lectivos:** en función da ruta que faga o autobús o centro abrirá e pechará antes ou despois, a varianza pode ser grande, dependendo das zonas e implica que a consideración pedagóxica dos horarios lectivos queda absolutamente anulada, tanto ten a que hora conveña que comecen as clases, porque realmente comezan cando ao autobús lle resulta rendible entregar ao alumnado.

- **As necesidades organizativas do transporte elimina de feito a posibilidade doutras actividades:** agás casos moi excepcionais, o transporte entrega ao alumnado antes de comezar a primeira clase da mañá, e recólleo ao rematar a derradeira clase da tarde. Non hai tempos intermedios, agás do que poida haber entre o comedor escolar e o comezo das clases da tarde, nos que se poida facer algunha actividade alternativa. E isto é innegociábel, porque para a Xunta non existe ese tempo posterior ás aulas, non é da súa responsabilidade. Se queres que o teu fillo ou filla teña algunha actividade tes que estar alí pendente de recollela e transportala.

- **Supón unha enorme carga accesoria para moito alumnado:** hai nenas e nenos que viaxan case dúas horas diarias dende moi pequeniñas, ou aínda que sexa a metade do tempo, unha hora de viaxe diaria é moito tempo para unha crianza. Non é o mesmo chegar ao colexio logo dun traxecto breve, que entrar logo de 30, 40 ou 50 minutos de autobús; é un engadido enorme á súa xornada laboral, modifica a súa atención e impide o seu aproveitamento tanto no colexio como logo na casa.

- **Desaparece cando é imprescindible para a continuidade educativa:** so hai transporte escolar no ensino obrigatorio, primaria e ESO, e agora FP básica. Non hai transporte para ciclos medios de FP ou para bacharelato, e estamos falando de alumnado de entre 15 e 17 anos de idade, non autónomo á hora de desprazarse aínda que tiveran a posibilidade económica de facelo. É un clamor entre as familias a demanda de extensión do transporte escolar obrigatorio para esas etapas escolares, máis aínda cando que a escolarización vólvese imposible en moitas ocasións ao non existir tampouco transporte regular que faga os traxectos nos horarios axeitados para que a mocidade poida asistir ás aulas e retornar ás súas casas con normalidade.

E isto, que ten que ver co ensino no rural, pode preguntarse alguén?, pois é unha das causas de abandono máis doadas de ver. Se con 15 anos tes que marchar a estudar fóra hai tres opcións, ou vives fóra e fas vida alí, ou tes unha familia que pode transportarte diariamente, ou a familia marcha contigo para que poidas estudar; a primeira e a terceira implican marchar, e esa é a palabra máis temida no rural galego, porque quen marcha pecha a súa vida anterior e comeza outra fóra, o de volver será outro conto que non é cotián.

**2.- A FENDA DIXITAL:** nunca saberemos canto influíu a pandemia no salto que deu a demanda de formación e medios dixitais. A necesidade fixo que de súpeto toda a sociedade mirara para a inconsistencia das súas dotacións e para as dificultades da comunicación.

Pero for polo que for, o certo é que o rural galego quedou absolutamente fotografado cando se evidenciou a importancia dunha conectividade segura: estabamos totalmente atrasados.

Que no ano 2020 non houbera posibilidade de conectarse fluidamente co resto do mundo, dun xeito constante e seguro, dixo máis polos sucesivos gobernos galegos que toda a propaganda institucional; pero que ademais de non haber medios, nin canles, non houbera formación por parte de toda a comunidade educativa, foi un chamado de atención que cumpriría non esquecer sen resolvelo.

Aquí non hai medias tintas, o rural precisa ter unha conexión da mesma calidade que a que poidan ter as cidades mellor conectadas. Agora mesmo internet é tan imprescindible como unha estrada segura, ampla e rápida; pola necesidade de que o negocio e o diñeiro viaxen, por suposto, pero tamén pola necesidade de superar o concepto de atraso que aínda está dentro do máximo de moitas habitantes do País. Non ter hoxe un internet de calidade é como hai uns anos non ter luz eléctrica, algo inaceptábel e sen o que non se pode pretender que o rural sobreviva.

**3.- OS COMEDORES ESCOLARES.** Nos colexios rurais con alumnado transportado o comedor é obrigado para a consellaría como un servizo educativo complementario; pero eses comedores son tamén un dos problemas senlleiros dalgúns centros rurais. Mentres que a consellaría de medio rural está facendo convenios con entidades que avalan comedores Km 0, nos que se serven produtos locais e de tempada, a consellaría de educación, que é quen xestiona máis do 70 % dos comedores escolares galegos, tenta constantemente reducir as cociñas, cociñeiras e persoal dos centros para xestionalos a través de empresas de catering. Para o rural galego a alimentación é un valor que se presupón, tamén unha cultura que se transmite; de que serve vivir onde se produce o alimento se as nosas fillas e fillos están alimentados con produtos de fóra e receitas de fóra dunha calidade sempre máis discutíbel que o que se produce ao seu carón?.

Os comedores de xestión directa, os que teñen cociñas e cociñeiras líbranse parcialmente dese problema, aínda que non de todo, porque depende moito da dirección e da persoa que efectivamente faga as compras do produto, pero teñen outro que as anpas destacan: a presenza de coidadoras e coidadores voluntarias que teñen pouco coñecemento e ningunha formación para desenvolver o seu traballo. Este tipo de persoal é un invento da consellaría para non ter que contratar profesionais externas, pero incide directamente na calidade global do servizo, e tamén nas relacións persoais entre colectividade pequenas, que ven como os seus fillos están sendo mal atendidos por veciñas e veciños que asumen ese papel sen a preparación e a profesionalidade que se precisa.

Novamente, a queixa destapa un problema moito máis grande, o dunha administración que aplica fórmulas desacordes coa contorna que xestiona, e que desbota a posibilidade de aproveitar un servizo como o de comedores para educar e integrar as nenas e nenos na súa realidade, e tamén para crear un polo de riqueza local co fornecemento de produtos e persoal a un servizo que é local en si mesmo.

**4.- O DESAPROVEITAMENTO DA CONTORNA:** falamos xa do aproveitamento do medio dende o punto de vista da natureza ou da bioloxía, algo comentamos sobre a alimentación, e tamén sobre a concepción urbana do ensino. Agora o comentario fala de valores e de cultura, dos valores que o rural mantén como propios, que están en claro risco de substitución polos fitos da comunicación global. As ANPAS quéixanse de que o profesorado trae de seu pouco coñecemento da realidade rural, e ten aínda menos intención de facerse con el. Nos centros escolares rurais galegos utilízase pouco a realidade circundante para que as nenas e nenos manteñan viva a xa escasa tradición que os arrodea.

Esta demanda enlaza directamente coa necesidade de formación do profesorado para a realidade que van vivir dando clases nos centros rurais; xenericamente enténdese que as novas docentes non teñen toda a formación que precisan como parte da súa aprendizaxe, que non hai preparación específica para o destino que van ocupar, e que cae totalmente dentro da vontade persoal conseguir incorporarse á vida rural para o beneficio do alumnado. Hai que dicir que as anpas cren que esa vontade existe nunha boa parte dos casos, pero tamén recoñecen que iso non abonda para suplir as eivas formativas que se evidencian ao chegaren, ou que, en todo caso, sería mellor que viñeran aprendidas e puideran aplicar xa os seus coñecementos no canto de ter que gastar tempo en adaptárense ao que moitas veces é un destino de poucos cursos.

É o profesorado o único responsábel dese desaproveitamento?, non, non o é. A progresiva desaparición da idiosincrasia de calquera cultura está sendo unha constante da modernidade, os medios de comunicación globais e as redes sociais están impoñendo un xeito de vivir uniforme no mundo, e non podemos obviar esa realidade.

Malia esa certeza, hai que avanzar; coller de fóra o que trae de bo, e rexeitar o que só é unha perda estéril da identidade que non nos vai facer mellores nin máis felices. Para poder facer iso hai que coñecer o noso, e logo avaliar con que quedamos, que rexeitamos, e que reconvertemos, para iso fai falta unha educación propia, demandada, aceptada e mesmo promovida polas familias do rural, e participada polas súas docentes.

**5. FALTA DE IMPLICACION DA ADMINISTRACION LOCAL:** en horario non escolar a xunta non está, no transporte adaptado a outras realidades que non sexan os horarios de entrada e saída tampouco, non hai oferta privada de actividades extraescolares, e moi pouca oferta asociativa pola dificultade de manter a demanda, as actividades deportivas organizadas son escasas e non todo é sendeirismo... O pobo adoita mirar para a administración que ten máis achegada cando hai eivas na vida diarias, e esa administración é a municipal.

E aquí hai de todo, dende concellos cun elevado nivel de implicación na vida da veciñanza, ata moitos outros que simplemente deixan correr o tempo abeirándose en que nada diso é da súa competencia. O certo é que o mundo rural é tamén un mundo de concellos con poucas habitantes e cunha poboación moi avellentada e máis necesitada de servizos para a terceira idade que de fornecer de opcións á xuventude.

A escusa é críbel, pero non serve de nada. A necesidade de reverter a situación é evidente, e a veciñanza sabe que a chave está nos concellos, xuntos ou por separado: son a Administración que pode deseñar e organizar un futuro mellor, asumindo as perdas que se producen pola falta do número abondo de usuarias e compensando ese número cunha oferta que atraia a outra poboación nova.

**6.- O COLEXIO COMO ELEMENTO CASTELANIZADOR:** isto non é rural, e realmente é no rural onde aínda non ten a gravidade que ten no mundo urbano; pero aínda así, aínda que hai moito profesorado implicado lingüisticamente, o certo é que moitas das nenas e nenos que comezan a súa vida escolar en galego, van cambiando cara ao castelán pola influencia do ambiente escolar; e iso malia residir en ambientes aínda hoxe moi maioritariamente galego falantes.

As asociacións critican o desleixo de parte do profesorado, que non está implicado na conservación da lingua; a propia dinámica do ensino oficial, que forza a impartir unha parte do currículo en castelán, e que fornece de materiais en castelán en todas as materias –algo que se viu como un auténtico desastre lingüístico nas épocas recentes de confinamento- aínda que non sexan das que se imparten nesa lingua.

Mais tamén somos conscientes de que o castelán é a lingua que se impón na xuventude por mor da súa maior presenza nas redes sociais e na internet, mesmo o propio castelán vese timidamente apartado a favor do inglés en moitas circunstancias, se non total, si parcialmente.

A realidade lingüística sofre entón dun problema xeneralizado, e no rural ademais ten un problema engadido. Se non hai relacións sociais entre iguais, nin entre xeracións, debido á pouca poboación e á “domiciliación” provocada por un transporte insuficiente, o recurso da xente moza vai ser a vida en liña que, malia que dificultada polas malas conexións, é a única opción que lles queda para se relacionar dalgunha maneira coa súa xente. Nesa vida en liña o galego pinta pouco, como dixemos, e as consecuencias están á vista: unha xuventude que non vive mentalmente onde reside fisicamente, porque todo ao seu redor pelexa por os botar fóra.



**7.- A PARTICIPACION DAS FAMILIAS NAS ESCOLAS:** tampouco é un mal do rural, pero é un mal peor no rural. En xeral a participación das familias na vida escolar é moi reducida (nos anos da pandemia foi inexistente), un pouco pola tradición de que a escola é “outro lugar” onde se fan cousas que son exclusivas de mestras e alumando, outro pouco porque o tempo das aulas é tamén o tempo do traballo para as nais e pais, e un moito pola consideración de que a vida escolar se limita á vida académica, obviando o resto das implicacións educativas, sociais e culturais que un colexio ten coa súa contorna.

Se en calquera contexto un colexio ten que ser un dinamizador da vida social, un punto de encontro para as relacións veciñais e mesmo un foco cultural para a vida do grupo, un colexio rural ten que actuar nesa liña con moita maior intensidade, porque en moitos casos non hai outro lugar onde se xunten intereses e persoas con tantas razóns para estaren e traballaren xuntas.

Atención a isto, colexio non é igual a profesorado. Ninguén demanda que o profesorado se converta en dinamizador social da vida do pobo, esa non é a súa función; pero si que é verdade que no rural como no urbano os centros escolares teñen que traballar implicando ás familias na vida ordinaria do centro, para que a formación da casa e a da escola vaian parellas, para que a vida dos nenos e nenas teña unha unidade de discurso e de aprendizaxe, e tamén, diso é do que se queixan as familias, para que todos os pequenos elementos que conforman a vida dun pobo poidan ser punto de unidade para a vida social.

As familias non queren entrar nas aulas, ou non queren facelo máis aló de teren o coñecemento do que alí se fai e para colaborar con esa feitura, pero si necesitamos entrar non centros, nas súas actividades, nas súas celebracións, para axudar, e para estar, para que as nenas e nenos perciban que tamén o colexio é un lugar de todas.

Aquí tamén falamos dos concellos, titulares maiormente dos espazos escolares, que deberan utilizalos doutro xeito, introducindo o uso das infraestruturas para a vida colectiva, como outro, ás veces o único, contedor cultural que pode ter unha zona rural.

**8.- A FALTA DE APROVEITAMENTO DAS OPORTUNIDADES DO RURAL:** aquí saímos un pouco do guión e das escolas, porque a cuestión vólvese moito máis xeral. O que as familias do rural non entenden é:

- Se estamos no medio máis saudábel que existe neste País.
- Se contamos cun nivel demográfico que permite unha implicación personalizada na contorna.
- Se os colexios que temos contan cuns rateos magníficos e teñen –malia todas as dificultades indicadas- mellores proxectos educativos que a meirande parte dos das cidades.
- Se as posibilidades de ocupación en actividades agrícolas, gandeiras, forestais ou turísticas son moi grandes dende a perspectiva da calidade ecolóxica e sustentábel.
- Se o modelo vital é moito máis acorde coas indicacións de saúde física e mental segundo nos indican sistematicamente os expertos na materia.

Por que as administracións continúan traballando a costas do rural e tentando defender un modelo urbano, onde o rural fiquese limitado a ser un resto arcaico chamado a desaparecer como consecuencia do seu abandono?.

Falaremos nas conclusións, pero realmente esta é a pregunta máis sorprendente de canto escoitamos nas xuntanzas coas asociacións de nais e pais; por que estamos estragando un potencial enorme de riqueza natural e unha forma de vida que noutros lugares están tentando reconstruír a marchas forzadas?, non sería ben aproveitar por unha vez o noso atraso industrial para conservar o que aínda queda dun modelo que hoxe é apetecíbel e de éxito?.

Esta pregunta lígase moito coa escola, porque hoxe temos unha xeración adulta no rural que non está acomplexada; pode ser que marche porque as circunstancias estanos botando fóra, pode ser que se vexa forzada a adoptar un modelo de vida que non quere para poder garantir o futuro das súas fillas e fillos; pero sabe que a súa vida rural é posíbel e boa; e sabe que entre as moitas cousas que fan falta para conservala tamén é necesario que as escolas eduquen a xente do rural, para facilitar o orgullo de permanecer, e non a arela de marchar.

E logo, por suposto, que cada quen faga o que lle pete, pero que sexa por razóns propias e non importadas, ou creadas pola necesidade.

### CAPÍTULO III – A ACHEGA DAS FAMILIAS A TRAVÉS DA ENQUISA EN LIÑA

Co obxectivo de recoller o punto de vista das familias sobre aspectos concretos da educación e o ensino no rural, puxemos en marcha un estudo de enquisa nos primeiros meses do 2021. Para isto deseñouse un cuestionario organizado en seis grandes apartados: datos do centros e familiares; recursos tecnolóxicos no fogar; condicións da escola e do ensino; participación das familias; actividades complementarias: comedor, transporte e actividades extraescolares, e oportunidades no rural.

A recollida de datos tivo lugar entre o 1 de febreiro e o 10 de marzo de 2021. O cuestionario en formato *online* foi divulgado entre as ANPAs asociadas quen o espallaron entre socias, e familias de centros de ensino públicos do País.

Debemos aclarar que o procedemento de mostraxe empregado non asegura a representatividade estatística dos resultados, mais estes nos permiten ter unha aproximación ao punto de vista das familias sobre as cuestións abordadas.

Tras dar conta das características da mostra, preséntase os principais resultados obtidos organizados en tres grandes apartados: Condicións da escola e do ensino; servizos complementarios e o que non é estritamente académico, para rematar coas principais conclusións deste estudo.

## I. CARACTERÍSTICAS DA MOSTRA PARTICIPANTE


Recolléronse un total de 640 cuestionarios válidos, -de 641- pertencentes a familias de 93 concellos galegos, con un número dispar de casos de cada un, que oscilan entre os 59 de Cangas ata un só de 32 concellos.

**Táboa 1. Participación de familias por concellos**  
(só mostramos os que tiveron máis de 15 respostas)

CONCELLO	Nº de cuestionarios	Porcentaxe
Cangas	59	9,2
Sober	39	6,1
Vedra	35	5,5
Santiago de Compostela	26	4,1
Monterroso	22	3,4
Alfoz	20	3,1
Ferrol	20	3,1
Vilalba	19	3
Carballedo	18	2,8
Zas	17	2,7
Becerreá	16	2,5
Saviñao	16	2,5

Maioritariamente as respostas pertencen a familias con crianzas que estudan en CEIPs, xa que supoñen o 69% da mostra, seguidas de alumnado de IES e CPI, como se recolle na figura 2. Atendendo ao nivel de estudos, a metade deles cursan ensino primario (51,4%), un 31% educación infantil, o 13,6% ESO, 3,6% bacharelato e menos do 1% Formación profesional.

**Figura 1. Participación por tipo de centros no que estuda o/a menor**




Máis da metade están en centros con xornada única (52,2%), un 33% en xornada partida e un 14% en xornada mixta.

Case a metade da mostra (46,7%) sinala que son 4 as persoas que residen no domicilio, un 26,8% indican ser 3, un 12,6% 5, o restante distribúese entre as familias de dous convivintes (2,2%), 6 (8,7%) e 7 (3%).

Cerca do 70% das familias viven entre 1 e 10 quilómetros do centro escolar, un 21% a menos dun quilómetro e un 10,2% entre 10 e 25 quilómetros.

**Figura 2. Distancia da casa ao centro escolar**



## II.- CONDICIÓN DA ESCOLA E DO ENSINO


Neste apartado abórdanse cuestións relativas a: agrupamentos do estudantes de distinto curso na mesma aula, que adoita a producirse nos centros escolares con pouco alumnado; a fenda dixital, poñendo en primeiro lugar a mirada na dotación de recursos que hai nas escolas, atención á diversidade e servizos complementarios.

### A. AGRUPAMENTOS NAS AULAS


**Agrupamentos de alumnado na mesma aula:** consultouse só ás familias do alumnado de educación infantil e primaria, tento en conta o curso, polo que a información que presentamos recóllese en dúas gráficas, unha para cada nivel; a relativa a educación primaria contén a información por cadanseu curso escolar; as porcentaxes foron reaxustadas atendendo ás persoas que responderon a cuestión (téñase en conta que porcentaxe de non resposta é elevado xa que só responden á cuestión as familias con alumnado no curso sobre o que se pregunta).

Como vemos (figura 3) en educación infantil máis da metade do alumnado comparte aula con nenos e nenas doutro curso ou de varios cursos. En educación primaria a situación varía, xa que o máis común en todos os cursos é que só haxa alumnado do propio; as porcentaxes que comparten aula co alumnado dun ou varios cursos oscila entre os 17% de 4º curso e o 33% de 2º.

**Figura 3. Porcentaxe de alumnos/as de ensino infantil en función do agrupamento da súa aula**



**Figura 4. Porcentaxe de alumnos/as en cada curso de ensino primario atendendo aos agrupamentos da súa aula**




## A FENDA DIXITAL . CONDICIÓNS DO CENTRO

Preguntamos ás familias polos recursos TIC con que conta o centro ao que asiste o seu fillo/a, principalmente sobre a existencia de: ordenador na aula para o docente, pantalla dixital, ordenadores na aula a disposición do alumnado, e finalmente pola conexión a internet.

Case a metade das familias (47%) indican que nos seus centros non teñen ordenador nas aulas ou teñen só nalgunhas delas, situación similar ocorre coa dotación de pantallas dixitais onde esta porcentaxe se sitúa no 42%.


**Figura 5. Dotación de ordenador para o docente e pantalla dixital nas aulas**



Como pode observarse na figura 6, a porcentaxe de aulas dotadas de ordenador para o docente é maior nos IES, que nos CPI e nos CEIPs, chegando nestes últimos a haber un 48% de centros que ou non teñen ordenador ou o teñen nalgunha aula, porcentaxe que descende nos CPI ao 47% e nos IES ao 35%.




**Figura 6. Dotación de ordenador para o docente nas aulas en función do tipo de centro**




Se poñemos a atención na dotación de ordenadores ou tabletas para o alumnado o máis común é que non teñan ningún (48%) , ou 1 (19,7%).

**Figura 7. Ordenadores ou tabletas na aula dispoñibles para o alumnado**



Preguntados pola calidade da conexión a internet que hai no centro vemos a metade das familias consideran que a conexión funciona ben (53%), pero hai un 42,8% que indican que é moi mala, mala ou regular.


**Figura 8. Funcionamento da conexión a internet no centro**



## A FENDA DIXITAL. A SITUACIÓN NOS FOGARES

Cerca do 20% das familias non teñen impresora nin tableta no fogar, e un 6% non teñen ordenador. O máis habitual é ter un en cada núcleo familiar, situación na que se atopa máis da metade da mostra, con independencia do número de membros que convivan (táboa 2).

Figura 9. Número de ordenadores, impresora e tableta en cada fogar




Taboa 2. Número de ordenadores en función das persoas que conviven na casa

ORDENADOR / PERSOA	Cantas persoas viven na casa?						TOTAL
	2	3	4	5	6	7	
máis de 4	0	0	3	2	0	0	5
catro	0	0	7	2	0	0	9
tres	1	10	12	5	3	0	31
dous	3	43	96	24	15	7	188
un	6	100	161	41	33	11	352
non temos	2	13	15	4	3	1	38
Non contestan	2	4	2	2	1	0	11
<b>TOTAL</b>	<b>14</b>	<b>170</b>	<b>296</b>	<b>80</b>	<b>55</b>	<b>19</b>	<b>634</b>

## Conexión a Internet:

O 87% da mostra dispón de conexión propia a internet, un 9% emprega datos do móbil, un 1,4% outras redes dispoñibles, un 2% indican outras situacións e existe un 0,3% que non ten ningún tipo de conexión. Consultados polo axeitado funcionamento da conexión, observamos que a conexión funciona no 46,7% dos fogares regular, mal ou moi mal.

**Figura 10. Calidade da conexión a internet no fogar**




## A FENDA NA ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

E que nos din as familias sobre as profesionais do Departamento de orientación?


Subliñamos os seguintes achados: entre un 28 e un 50% delas indican que o centro carece dalgunha das figuras: orientador/a; especialista en audición e linguaxe (AL), pedagogo/a terapeuta (PT) ou auxiliar técnico en atención educativa. A que hai en maior máis frecuencia é o/a orientador a tempo parcial, un 70%. Os que indican ter dous profesionais da mesma especialidade no centro é mínimo, a porcentaxe mais alta non chega ao 6%.

**Figura 11. Presencia de profesionais do departamento de Orientación no centro escolar  
En porcentaxes**




En canto á percepción das familias sobre estas profesionais, a enquisa desvélanos que un 27% consideran que as que hai non abundan para prestar a atención necesaria ao alumnado, un 49% que algo, un 20% bastante, e só un 3% sinalan que moito (Táboa 3).

**Figura 12. Percepción das familias sobre a suficiencia das profesionais para atención do alumnado NEAE**



Consultadas sobre en que medida pensan que estas profesionais contan cos recursos necesarios para desenvolver o seu traballo, máis da metade (61,4%) di que só contan algo, e un 19% nada, como se ve na figura 13.

**Figura 13. Dotación de recursos dos/as profesionais do Dpto de orientación**





Rúa Estocolmo, 8  
15707 – Santiago de Compostela  
anpasgalegas@gmail.com

[www.anpasgalegas.gal](http://www.anpasgalegas.gal)  
<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>  
<https://twitter.com//ANPASGALEGAS>

Tel 610 616 968 - 600 699 293

## E as instalacións ?

Un 17% das familias indican que o centro non está nada adaptado ao alumnado con NEE, un 38,4% que lo está algo e un 21,3% bastante e menos do 5% indican que moito.

## Percepción das familias en canto ao alumnado NEAE


O 40% das participantes no estudo pensan que as familias do centro son bastante sensíbeis á importancia de reforzar a atención ao alumnado NEAE, o 38% que algo; un 13% indican que nada, e no outro extremo, un 10% que moito.

## E QUE CENTROS QUEREMOS ?

**Alumnado en aula:** solicitamos ás familias que nos informaran do alumnado que quixerían que houbera nas aulas onde acoden as súas fillas e fillos, velaí as respostas:

En canto ao número mínimo de estudantes por aula:

**Figura 14. Número mínimo de estudantes  
(en porcentaxes)**




- En Educación infantil a opción con maior número de apoio é 9-10 alumnos, seguida de preto de 7-8.
- En educación primaria pasa algo similar, indican 9-10 alumnos o 27%, e 7-8, o 25%.
- En Educación secundaria obrigatoria a moda sitúase en máis de 10 alumnos/as por aula (27% das familias), pero moi seguida da opción de 9-10 alumnos/as (26%).
- En Bacharelato optan por “mais de 10 “ o 29% das familias, seguida de “entre 9 e 10”, que é indicado polo 26%.



En canto ao máximo de estudiantado en aula:

**Figura 15. Número máximo de estudantes (en porcentaxes)**



- Como observamos na gráfica en Educación Infantil existen dúas opcións máis apoiadas polas familias: menos de 12 e entre 12 e 15, ambas con porcentaxes de 43% e 44% respectivamente.
- En Educación Primaria claramente a opción preferente é entre 12 e 15 estudantes como máximo.
- Na ESO tamén a opción de entre 12 e 15 é a que consideran máis acaída o maior número de familias (45,7%), seguido de 16-20 (35%).
- En Bacharelato son tamén estas as opcións maioritarias: entre 12 e 15 (38,7%), e entre 16 e 20 polo 37%.



Rúa Estocolmo, 8  
15707 – Santiago de Compostela  
[anpasgalegas@gmail.com](mailto:anpasgalegas@gmail.com)

[www.anpasgalegas.gal](http://www.anpasgalegas.gal)  
<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>  
<https://twitter.com/ANPASGALEGAS>

Tel 610 616 968 - 600 699 293

### **En canto á formación do profesorado.**

Non hai unha posición compartida entre as familias sobre a necesidade de que o profesorado do rural conte cunha formación específica, xa que son moi similares as porcentaxes dos que indican si (47,3%) e dos que indican non (51,2%).


Máis clara resulta cando se lles pregunta se pensan que o profesorado debera ter unha formación específica para traballar en aulas con agrupamentos: o 68% indican que si, fronte ao 32% que din que non.

## II. CONDICIÓN DOS SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

### TRANSPORTE ESCOLAR

Como se traslada habitualmente a túa crianza ao centro escolar?


**Figura 16. Medio de traslado ao centro escolar**



O 45% dos que empregan o transporte escolar realizan traxectos de menos de quince minutos un 41% de entre 15 e 30 minutos, un 11% entre 30 e 45 minutos, e unha porcentaxe do 2,3% entre 45 e unha hora.

Consultados sobre se pensan que os horarios do transporte condicionan os do centro as respostas obtidas foron similares entre os que empregan e non o empregan, como vemos na figura 16.

**Figura 17. Percentaxe de acordo/desacordo con que o transporte escolar condiciona o horario do centro**




## ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

O 88% das familias indican que nun curso habitual (sen pandemia) acostuma a haber actividades extraescolares no centro; estas están na meirande parte dos casos xestionadas pola ANPA (79%), nun 13% polo concello, e o 8% restante polo propio colexio. Estas actividades son maioritariamente en horario de tarde (77%) ao ser centros de xornada única e non contan con transporte escolar cando rematan, situación que se dá no 77% dos casos.


No caso dos centros nos que non hai estas actividades, son varias as razóns que se sinalan, como se recolle na figura 17, entre elas a inexistencia de transporte ao remate das actividades, indicado por cerca do 30% das familias.

**Figura 18. Motivos polos que non hai no centro actividades extraescolares**



Aquelas familias cuxos fillos ou fillas non asisten a actividades sinalan varias razóns, entre elas é subliñábel a falta dalgunhas de interese (42,4%) e a falta de transporte ao seu remate (26,3%), tamén o gasto que supón (8,5%).


**Figura 19. Razóns pola que non asiste o/a menor a actividades extraescolares**



## A oferta na contorna

O acceso das familias a actividades formativas e culturais fóra da escola, na contorna do seu domicilio, ás que poidan asistir os seus fillos, é diverso, como se pon de manifesto na figura 20. Chama a atención as porcentaxes dos que non teñen acceso, que oscila entre o 22% no caso dos idiomas ou as actividades musicais e que acada o 50% no caso das técnicas de estudo ou mais do 40% no das TIC.

**Figura 20. Acceso a actividades fora da escola**




## A oferta na contorna – a FP:

Preguntamos tamén sobre a oferta formativa de Formación Profesional, pola existente e pola que consideran debería haber na contorna.

Un 66% indican que a unha distancia máxima dunha hora en autobús desde a casa existe a posibilidade de estudar módulos de Formación profesional vinculados ás características do territorio (forestal, agrario, pesqueiro, gandeiro..), o 34% da mostra indica que non.

Cando preguntamos en que medida consideran necesario implementar ou aumentar a oferta deste tipo de estudos cerca do 79% indican que é bastante ou moi necesario fronte ao 22% que o consideran nada ou algo necesario (figura 20 ).

**Figura 21. En que medida é necesario implementar ou aumentar a oferta de FP**






### III. O QUE NON É ESTRITAMENTE ACADÉMICO

#### A participación das familias


Consultamos ás familias polo grao en que consideran que desde os centros se favorece a implicación das familias na súa xestión e na participación en actividades diversas, sobre ambas cuestións os resultados amosan que maioritariamente as familias pensan que non se favorece ou se favorece algo ambas situacións. As porcentaxes dos que pensan que se favorece moito non pasan do 8%.

**Figura 22. En que medida os centros favorecen a implicación e participación das familias**



En relación á participación na ANPA do centro as familias indican maioritariamente que participan algo ou bastante, sendo unha minoría as que non o fan (5,8%).


**Figura 23. Participación das familias na ANPA e en actividades diversas**



## O uso da lingua galega


Preguntamos en que medida os fillos/as falan galego en distintos contextos: na aula, no recreo escolar e na rúa. Como vemos as opcións máis frecuentes son algo e bastante nos tres ámbitos.

Figura 24. Grao en que falan galego




Para ter unha radiografía máis clara, compre analizar as respostas en cada un destes espazos atendendo ao nivel que cursan os fillos/as -educación infantil, primaria, ESO e bacharelato-, cuxos resultados se mostran nas seguintes figuras, indicando a porcentaxe de respostas en cada nivel de estudos.

**Figura 25. Fala galego na aula**




**Figura 26. Falan galego no recreo**



Nos tres lugares, aula, recreo e rúa apréciase que a porcentaxe dos que non falan galego nada ou só o falan algo vai en aumento a medida que o nivel de estudos, e polo tanto a idade, dos rapaces medra, e diminúe, consecuentemente, ao dos que o falan bastante ou moito. Dun 78% que o falan na aula de educación infantil, nos atopamos cun 18% no caso de bacharelato; os datos dos que o falan na rúa son mais extremos, do 45% en infantil a o 5% en bacharelato.

Tamén podemos observar que se fala máis galego na aula que no recreo e na rúa, é dicir que o seu uso é menor cando o/a rapaz fala nun contexto de ocio e sen condicionantes académicos.


**Figura 27. Falan galego na rúa**



## En canto ao profesorado


As familias mostran que o profesorado que non fala nunca galego se sitúa no 1,3% no caso da aula e é algo mais alto cando se trata do seu uso no centro - tempos de recreo, nos corredores etc-, as porcentaxes dos que consideran que o falan sempre non chega ao 20% en ningunha destas situacións. A percepción maioritaria das familias é que os/as docentes o falan ás veces ou case sempre.

**Figura 28. Grao en que o profesorado fala galego**



As familias que están en acordo ou total acordo con que as crianzas deixan de falar galego cando comezan a escola sitúase por debaixo da metade, tamén as que pensan que deixan de falar galego a medida que medran, sen embargo cando son preguntadas por se cada vez os nenos e nenas falan menos galego esta porcentaxe é do 60%.


**Figura 29. Grao de acordo sobre o uso do galego**



## E que significa vivir no rural para as familias ?

Quixemos tamén saber en que medida as familias comparten un conxunto de afirmacións sobre as posibilidades que podería ofrecer o rural ás crianzas e mocidade. En concreto, sobre: Vivir no rural facilita a comprensión do medio natural e se é máis doado adquirir unha conciencia medioambiental. Como se observa na gráfica o grao de acordo é altísimo en ambos casos, superando o 85%.

**Figura 30. Grao de acordo en que o rural facilita a comprensión do medio rural e a adquisición de conciencia ambiental**




Tamén se lle preguntou, tendo en conta que en moitas escolas do rural se dá agrupamento nas aulas, en que medida estaban de acordo en que a convivencia en aulas de alumnado de distintas idades, facilita o desenvolvemento individual dos menores; un 37% están en total desacordo, ou en desacordo, fronte un 63% que están en acordo ou en total acordo.



Resultados na mesma tendencia se obtiveron ante a afirmación “Vivir no rural facilita a valoración das relacións colectivas”, 21% en total desacordo ou en desacordo e o 79% en acordo ou total acordo.


**Figura 31. Grao de acordo en beneficios do rural**



### Plan específico para o rural

Finalmente e como última cuestión, se lles preguntou se consideraban que é necesario un Plan Específico para o ensino no rural. O grao de acordo nesta cuestión é elevado xa que algo máis do 67% indican que bastante ou moi necesario, e menos do 10% que nada.

**Figura 32. Plan específico para o rural**



**Os resultados están aí, e poden interpretarse como se queira, pero nós queremos salientar algunhas cosas:**

O 52,2% do alumnado ten xornada única.

O 88,9% vive a menos de 10 Km do centro escolar

No que se refire ás novas tecnoloxías vemos que a meirande parte das familias teñen un só dispositivo (57%), fronte ao 6% que non teñen ningún. Coma dato relevante a maior porcentaxe de familias é o de 4 membros (46,7%) e destes o 54,4% teñen un só ordenador na casa.

No que se refire á conexión de internet só un 0,3% non teñen ningún tipo de conexión pero entre os que si a teñen o 45,2% din que é deficiente.

**Estamos lonxe, polo tanto, de poder afrontar con éxito un ensino dixital nas casas.**

Os medios dixitais dos centros escolares non semellan tampouco suficientes, nin os ordenadores para o profesorado por aula, nin para o alumnado (48% afirman que non hai ningún ordenador ou tableta para o eles na aula). Sobre a conexión dos centros só funciona ben en menos do 60% dos casos.

A meirande parte das familias consideran que o rateo ideal está entre 9-10 para infantil e primaria, e entre 12 e 15 en ESO, bacharelato e FP.

Por outra banda no que se refire á necesidade de formación específica do profesorado para traballar coa contornanos colexios rurais, as familias consideran que non é precisa nun 51,2% fronte ao 47,2% que pensa que si e necesario. O que si consideran importante é formación para traballar con agrupamentos.

As familias afirman que existen ensinanzas de FP vinculadas ao territorio a menos de unha hora de transporte público (63,7%) pero que é necesario nalgunha medida aumentar a oferta (97%).

## **EQUIPAS DE ORIENTACIÓN E ALUMNADO NEAE**

Máis dun 30% dos centros non teñen orientador a tempo completo, porcentaxe que chega ao 49% no caso do pedagogo terapeuta. Neste senso, dous terzos das familias consideran que os profesionais que hai no centro para prestar atención educativa ao alumnado NEAE non é suficiente, tamén que estes non contan cos medios suficientes, superando o 80% os que indican que os medios non son nada ou só algo dabondo. Atendendo ao que nos din as familias, os centros non está suficientemente adaptados ao alumnado NEE, de feito só un 5% di que o están moito.

**E necesario mellorar a atención educativa do alumnado, con máis profesionais nos Departamentos de Orientación e con máis medios, tamén adaptar as instalacións.**

## **PARTICIPACIÓN DAS FAMILIAS**

Nun 44% dos centros favorécese algo a participación das familias tanto na xestión do centro coma nas actividades, pero é preocupante que isto non ocorre en ningunha medida en case o 20% dos casos. As familias tamén participan na ANPA.

## **TRANSPORTE ESCOLAR**

Son transportados un 49%. A metade dos enquisados considera que o horario do autobús condiciona o horario do centro. No que respecta ao tempo que lles leva chegar ao colexio, o 87% tarda en cada traxecto menos de 30´ e un 13% tarda entre 30 e 60´ do total dos enquisados.

## **ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES**

No 85,8 % afirman que hai actividades extraescolares no centro das cales organizaas a ANPA o 79%, o Concello o 13% e o colexio o 8% e destas o 77% realízanse pola tarde e nos centros que teñen xornada única. Máis só hai transporte escolar cando rematan as actividades no 23% dos enquisados. No 28% dos casos onde non as hai é debido a que non hai transporte ao seu remate, esta tamén é a razón de que non asista o 26% dos que non o fan.

Polo tanto a falta de transporte escolar condiciona en moitos casos as posibilidades do alumnado de acceder a actividades extraescolares no seu centro.

## **OPORTUNIDADES DO RURAL**

O 70,3% teñen acceso a actividades deportivas (federadas) e culturais fóra da escola en distinto grado de oferta, pero entre un 22% e un 28% non teñen acceso a ningunha. No que se refire as actividades de idiomas e música a porcentaxe é similar. Aumenta na aprendizaxe das novas tecnoloxías, xa que o 42% teñen acceso e se imos as ensinanzas sobre técnicas de estudo chegamos ao 50% .

## **LINGUA GALEGA**

É preocupante que só o redor dun 15% do alumnado fala galego sempre fronte ao 14% que non o fala nunca no patio ou na rúa. Esta situación ademais vese que se incrementa a media que o alumnado medra, xa que as porcentaxes dos que o falan diminúe desde educación infantil ata bacharelato tanto na aula como no resto dos contextos, chegando ao 63% no caso da ESO e ata o 95% de bacharelato os que non falan nada ou algo na rúa.

Por outra banda o 60% dos enquisados afirman que os nenos e nenas cada vez falan menos galego, e á medida que medran, o 47 % afirman que o deixan de falar. Curiosamente só o 37,6% opina que os nenos falan menos o galego cando comezan a escola.

## **VANTAGES**



Rúa Estocolmo, 8  
15707 – Santiago de Compostela  
[anpasgalegas@gmail.com](mailto:anpasgalegas@gmail.com)

[www.anpasgalegas.gal](http://www.anpasgalegas.gal)  
<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>  
<https://twitter.com//ANPASGALEGAS>

Tel 610 616 968 - 600 699 293

Polo que se refire ás vantaxes do vivir no rural, o 92% opina que vivir no rural facilita a comprensión do medio natural, e tamén a adquisición dunha conciencia ambiental de sustentabilidade no 87 % das opinións.

A vida no rural facilita a valoración das relacións colectivas segundo o 79 % dos enquisados.

## **AGRUPAMENTOS**

O 63% considera que a convivencia nas aulas de diferentes idades facilita o desenvolvemento individual.

**O 98,5% CONSIDERA NECESARIO UN PLAN ESPECÍFICO PARA O ENSINO NO RURAL.**

## CAPÍTULO IV – OS FOROS

Os foros de traballo foron a parte “formal” deste esforzo de ANPAS GALEGAS, quixemos ter a opinión de xente que está a traballar a prol do rural dende diferentes ámbitos: dende o académico, a xestión, a cultura, o asociacionismo ou a política. Para nós é necesario ofrecer sempre a percepción das familias xunto coa das profesionais de todos os sectores, para que a vivencia se xunte coa investigación, para que a vida de fóra se fusione coa vida de dentro.

Organizamos catro foros, sen ningún ánimo de exclusión, habería moitas máis cousas das que falar, que o mundo rural é un mundo complexo e vivo, pero había que acoutar dalgún xeito e foi este:

- **Definición da contorna.**
- **Potencialidades do rural: intentar superar o que hai.**
- **Lingua e cultura.**
- **Que temos que resolver para termos o rural que queremos? .**

Na exposición posterior non imos debullar con detalle o que se dixo nos foros, simplemente faremos un resumo breve, e agardamos que certo, da impresión de conxunto que resultou do seu desenvolvemento.

Os foros ao completo, tal como foron, no que quizais sexa a mellor maneira de achegarse a eles, sen intermediarias.pódense atopar en:

- 1º FORO DO RURAL: <https://youtu.be/711k9JvV46g>
- 2º FORO DO RURAL: <https://youtu.be/pb0IxYiZQnc>
- 3º FORO DO RURAL: <https://youtu.be/qi6kehlLlqM>
- 4º FORO DO RURAL: <https://youtu.be/dkDk5D2Ij3M>

## I FORO : DEFINIÇÃO DA CONTORNA

### Participantes:

- **Antón Costa:** Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela.
- **Mariló Candedo:** Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de A Coruña.
- **José Manuel Roca:** Instituto de Estudos Chairegos.
- **Daniel López Muñoz:** sociólogo.

Se imos a definición que a RAG da sobre o rural atopamos isto: "Relativo ou pertencente ao campo e á súa vida e manifestacións, por oposición á cidade". É unha definición ampla onde caben todos os tipos dos que se falon nos foros; se o clasificamos socio economicamente temos un rural vital e un rural en retroceso, se a clasificación e xeográfica, podemos falar de rural costeiro, eixo atlántico (moi urbanizado), interior e extremo (zona oriental) e se é demográfica, falamos en función da densidade de poboación.

O que está claro é que vivimos nun país heteroxéneo e é moi difícil até establecer unha clasificación.

A percepción que temos do rural é, máis ben, negativa e bastante idealizada e iso condiciona a forma de ver todos os elementos do rural. Partimos dun exceso de estereotipos, maiormente negativos, que hai que combater tanto na auto percepción, como na percepción que outras teñen sobre as persoas que viven no rural. Pero é curioso, esta impresión non sae das anpas nin das familias, sae dos expertos no tema.

Características que definen o noso rural actual:

- **Desruralización da poboación.**
- **Desagrarización:** . Non é só que diminúe a poboación rural senón que diminúe a porcentaxe de poboación que vivindo no rural ten unha vocación e unha dedicación agraria. Hai un enorme potencial desaproveitado na Galicia rural en canto a optimizade agraria.
- **Espiral de exclusión territorial :** menos oportunidades, servizos máis caros, servizos que desaparecen, xente nova que marcha, menos oportunidades para os que quedan.
- **Problemática de carácter demográfico :** por unha parte hai despoboamento pero por outra hai zonas que estanse repoboando de xente do urbano empurrados pola pandemia.
- **Problemática no económico e no ocupacional:** o sector primario dise que está en retroceso pero non de todo. Estase fomentando a agricultura e o alimento de calidade ecolóxico, ademais hai outras alternativas asociadas ao lecer e á sustentabilidade .Grazas a internet posibilitase o traballo deslocalizado que levan a determinado tipo de persoas con ocupacións variadas a habitar o rural.
- **Cuestión xeográfica:** continuamos sen políticas de desenvolvemento específico.
- **Eido sociocultural:** o rural ten agora mesmo iniciativas de xente nova dende a creatividade social que intentan superar os estereotipos existentes pero con pouco apoio. É aquí onde hai que situar o papel da escola tanto no rural como no conxunto do país. Unha escola que non ten nada que ver co modelo urbano imperante. Sería ben que dende as escolas se puidese trasladar un imaxinario do rural con menos tópicos e prexuizados.

Por outra banda temos que falar do papel da muller no rural. O rural estase masculinizando, e isto por que?, porque temos unha sociedade patriarcal, os coidados recaen nas mulleres e moito máis nas do rural, porque non temos oportunidades laborais e o acceso a outro tipo de actividades de lecer é bastante limitado cando non, inexistente.

## E que precisamos para un futuro viable?:

- **Base económica:** aproveitamento do potencial agrario.
- **Asegurar a mobilidade:** bancos de tempos ( que se ven facendo de sempre no rural).
- **Asegurar a conectividade:** un dos desafíos sería facer no territorio rural unha conectividade de verdade.
- **Asegurar unha planificación flexible dos servizos:** Hai unha serie de alertas que se acenden na situación actual: o **illamento e a soidade das persoas maiores**; a **exclusión territorial**, vivir nun determinado sitio como factor de non participación e de déficit de benestar e de déficit de acceso ao servizo; a **integración positiva** dos inmigrantes porque si poñemos o foco mais arriba vemos que aquí non hai xente nova capaz de desenvolver determinadas potencialidades do noso territorio pero é que están aí ó lado e isto non se para con concertinas.
- **Mobilidade dos servizos: escola viva.**
- **Comunidade de coidados:** hai que promover a comunidade rural como unha comunidade en positivo: coidar do territorio; coidar da xente, dos mais vulnerábeis nese territorio que teñen unha vulnerabilidade agravada por vivir na exclusión territorial; coidar da natureza e da biodiversidade; coidar do patrimonio inmaterial (da lingua, das tradicións, da cultura e das institucións milenarias e solidarias de tanto tempo), coidar do patrimonio material.

## Especificamente, que precisamos na escola ?

- **Afouteza.** Autoestima da persoa que vive no medio rural. Compre ser conscientes da necesidade de superar vellos complexos entre eles o idioma e que están interiorizados.
- **Memoria do rural:** Traballo comunitario- colectividade para sacar adiante o proxecto de benestar. A soidade ( e o individualismo) é un problema importante nesta sociedade.
- **Coñecemento e coidado da contorna:** o bo coñecemento da contorna, tanto natural como do patrimonio material e inmaterial son imprescindibles para pensar no rural do futuro. Ese vencello é moito máis fácil de conseguir na escola rural. Temos que valorar a natureza non só pola súas posibilidades económicas, tamén polo seu valor intrínseco; a paisaxe, a diversidade. No que atinxe ao patrimonio, a escola rural debe educar no seu coidado.
- **Comunicación co resto do mundo:** conectividade.
- **Incentivos paro o profesorado rural:** poder vivir cun nivel de benestar semellante á zona urbana.



## FORO II – POTENCIALIDADES DO RURAL: TENTAR SUPERAR O QUE HAI

### Participantes:

- **Verónica Marcos: presidenta de FADEMUR Galicia.**
- **Xabier Bruña : Enxeñeiro Técnico Forestal ( enxeñeiro rural).**
- **Mar Pérez Fra: doutora en Ciencias Económicas.**
- **Antonio Rodríguez Corbal: CDR O Viso.**

### POTENCIAR O QUE TEMOS

- **Excelencia do ensino:** o resultado das dotacións actuais debe utilizarse para a excelencia, non para a excelencia parva dos resultados excepcionais en ranquins absurdos, nin para falar de plurilingüismo ou leiras de coñecemento específicas, falamos da excelencia de conseguir que o alumnado saia da escola tendo unha mellor e máis completa preparación para a vida global. Iso pódese conseguir mellor nun ambiente tan singular e acaído como é o rural: pouco alumnado, integración no medio, especial implicación coas familias, dotacións amplas e que poden ser doadamente completadas. Esa excelencia ten que ser un atractivo do ensino rural.
- **Formación do profesorado:** non é o mesmo darlle clases a unha aula de 25 crianzas que a unha aula de dez con nenas-os de tres cursos distintos. O profesorado ten que estar formado nesa diferenza, pero tamén ten que ser ambicioso cos resultados. Queremos un profesorado que non só coñeza o xeito de traballar no contexto rural, senón que mesmo saiba aproveitar con beneficio esa peculiar circunstancia.
- **Despoboamento:** os grupos reducidos non poden verse como a finalización dun proceso demográfico irreversíbel, senón como unha oportunidade para asentar as bases dun repoboamento consciente. Agora mesmo hai que tirar opcións do feito de termos clases de poucas nenas e nenos, aproveitar a vantaxe de lles poder dedicar máis tempo, de poder exercer unha atención máis personalizada.
- **Posibilidades de mellora económica e social:**
  - Outra política agraria.
  - Medio ambiente e xestión forestal.
  - Xestión de comunidades incidindo nun deseño tamén para a xuventude.
  - Centros de formación vinculados ao territorio.

## A SITUACIÓN DE PARTIDA

- O rural supón >83% da superficie total de Galicia.
- **Envellecemento:** Nas zonas rurais máis do 43% da poboación teñen máis de 65 anos e as nenás e nenos supoñen un 10% da poboación.
- **Masculinización:** marchan máis mozas que mozos; temos unha sociedade patriarcal onde os labores de coidado recaen nas mulleres. É unha sociedade onde faltan oportunidades laborais.
- **Rural de baixa densidade:** Supón un 71% do territorio e con 18% da poboación. (esta porcentaxe é a da maior parte de Europa).
- **Galicia está estancada demograficamente;** dende 1996 ao 2017 perdemos 1,3% da poboación. Temos zonas que perderon ata o 26% da poboación. O problema non é só o descenso da natalidade nin o incremento da esperanza de vida, hai que ter en conta tamén os saldos migratorios. Os saldos migratorios son positivos durante a maior parte do período comprendido entre 1996 e 2017, nos que chega máis xente da que marcha, pero a maior parte son de idade avanzada. Son persoas que finalizaron a súa vida activa e que marcharon de Galicia nos anos 60-70 e agora retornan ao territorio.
- **O problema non é a natalidade só.**
- **Os saldos migratorios:** son positivos durante a maior parte do período comprendido entre o 1996 e o 2017; chegan máis persoas das que se van. A maior parte das que entran son persoas de idade avanzada. Un terzo das 60-70 e retornan ao territorio.
- **Desvitalización e descapitalización:** A idade das persoas que marchan é <29 anos en máis dun 30% e teñen un alto nivel de formación: estamos dedicando unha grande cantidade de recursos públicos a formar as nosas fillas e fillos que logo teñen que buscar oportunidades laborais fóra porque aquí non hai, e a **gran parte desas mozas e mozos naceron nas zonas rurais e non volven.**
- **Depende a nosa demografía do número de fillas e fillos que teñamos as mulleres? NON, da igual o número que teñamos si cando cheguen a idade adulta van marchar do territorio.**
- A crise da escola non é a falta de nenos, é a **descontextualización das aprendizaxes.**

## RETOS

- **Demográfico**
- **Territorial:** hai 16 millóns de parcelas y 1,5 millóns de propietarios. O problema é a concentración das demandas e a situación da mobilidade. As materias primas están concentradas en moi poucas empresas.
- **Rendibilidade** das explotacións e de determinadas materias primas: somos o máximo produtor de leite e de madeira pero a marxe é moi reducida e está concentrada en poucas empresas. O gasto medioambiental non se ten en conta. Os produtos como a carne e os de horta están nun punto crítico.
- **Incrementar o valor engadido:** a riqueza desas materias primas está fóra do territorio: só se transforma aquí un de cada dez litros de leite.
- **Integración social:** como integramos o ensino, os servizos sociais dentro da actividade económica. O rural non é perfecto.

## AS ACCIÓNS PARA UN RURAL VIVO

- É necesario dignificar o mundo rural: gandeiro e agricultor .
- Hai que incorporar a realidade do campo aos temarios escolares.
- Hai que promover un modelo educativo que reforce os vínculos coa comunidade e co entorno.
- Temos todo para poñer en marcha unha escola moderna acorde cos parámetros do modelo nórdico: aberta, conectada co medio, creativa e con proxectos de emprendemento.
- Non se pode pretender que a situación se resolva dende o rural: hai que implicar a toda a poboación na mellora da situación .
- Superar a política actual: illada, sectorial e improdutiva.
- Superar que a solución está nos mercados. Superar a política colonial: os beneficios xéranse fóra.
- A recuperación hai que facela en conxunto, tendo en conta a distribución de riquezas e facer as compensacións.
- Necesidade dun consumo responsable e comercio xusto local.
- É necesario darlle o verdadeiro valor ao sector primario e apostar por modelos de consumo de proximidade.
- O ensino é básico.
- Outras formas de organizar o traballo colectivamente.
- Achegando a parte urbana á parte rural
- Participación pública na toma de decisións.
- Precísase diálogo, redes sociais. Precisamos coñecer o mundo rural para estimalo; hai que achegarse a el para saber que é un rural onde se pode vivir, convivir e gozar.
- Necesidade de medidas integrais a medio e longo prazo .
- Aproveitar a diversidade do territorio e os círculos curtos de relacións sociais.

- Apostar por medidas que vertebran o noso rural (social e territorialmente).
- Principio de xestión comunitaria de recursos naturais.
- Sumar esforzos a través da rede.
- Políticas de viabilidade económica as zonas rurais: que sexa capaz de xerar emprego en cantidade suficiente para fixar poboación e tamén que sexa capaz de dotar dos servizos necesarios `para facelas atractivas.
- Acordo social para aplicar recursos a estes territorios: o de ir vivir ao rural ten que deixar de ser unha aposta persoal.
- Temos un déficit demográfico participativo e a nosa aposta ten que ser a **animación como estratexia** educativa e a escola como un factor de dinamización local.

### PAPEL DA MULLER:

- As mulleres sofren máis as desigualdades entre o mundo urbano e o rural.
- Este contexto penaliza ás mulleres rurais: de cada 5 habitantes que perden os pobos, o 65% son mulleres; consolídase a tendencia a masculinización e ao avellentamento.
- Sobre os proxectos de emprendemento os que empezan mulleres son os que máis perduran no tempo, o 54% dos proxectos levan ao fronte mulleres, en contraste con proxectos urbanos que só levan mulleres o 30%.
- É importante tender pontes co ensino para visualizar o traballo desas mulleres.
- Existe unha fenda de xénero nas axudas da PAC.
- O 13% das explotacións agrarias pertencen a mulleres, son máis pequenas, respectuosas co medio ambiente e **son as que fixan poboación.**
- **Facilitar e mellorar as condicións de vida das mulleres está directamente relacionado co futuro do rural: se somos quen de facilitar unhas condicións socioeconómicas solventes , estaremos en condicións de loitar contra o abandono. Estaremos xerando riqueza, conservando o territorio, freando os incendios e o cambio climático, facendo comunidades vivas.**

**É necesaria unha planificación consecvente cos principios dunha educación de calidade e integrada nun proxecto global de desenvolvemento do mundo rural galego: que dese prioridade á resposta aos dereitos da infancia a recibir atención educativa no seu medio e reconécese a utilidade social da escola no seu papel de revitalizadora das comunidades rurais.\*(libro: A educación rural en Galicia).**



Rúa Estocolmo, 8  
15707 – Santiago de Compostela  
[anpasgalegas@gmail.com](mailto:anpasgalegas@gmail.com)

[www.anpasgalegas.gal](http://www.anpasgalegas.gal)  
<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>  
<https://twitter.com//ANPASGALEGAS>

Tel 610 616 968 - 600 699 293

## FORO III - LINGUA E CULTURA

### Participantes:

- **Anxo Moure: contacontos, escritor, ecopacifista.**
- **Marcos Maceira: presidente da Mesa pola Normalización Lingüística.**
- **Mercedes Queizás: profesora e escritora.**
- **Alberte Ansedo: Secretario da Casa de Manuel María.**

### A lingua é o corazón onde vivimos

Unha triste realidade que xa albiscabamos e que tanto as asembleas , como as enquisas e os foros o ratificaron é que a lingua galega está atravesando o seu peor momento. Un dato alarmante é que o 25% da mocidade non ten competencias en galego, e dicir, nin o sabe falar, nin o sabe escribir. Nun sistema educativo ateigado de contidos nos currículos resulta que as nosas nenas e nenos non manexan o seu idioma. Desconcertante.

Está claro que esta situación nin é nova nin é fortuíta, é o resultado de vivir con estúpidos prexuízos, de non ter unha política lingüística galeguizadora, máis ben todo o contrario. Aquí toda a sociedade temos parte de responsabilidade, por non ser quen de superar os prexuízos e por non exixir con contundencia políticas de defensa da lingua.

Un dos datos que saíron tanto nas enquisas como nos foros é que no rural fálase máis en galego ( 20-30%) fronte ao 2-3% que se fala nas cidades. Outro dato: non hai demasiado profesorado que o fale na escola, dificilmente o vai falar entón o alumnado.

A parte positiva é que cada vez hai máis iniciativas individuais e colectivas para reparar a situación. Hai esperanza.

## A situación

Todo País ten unha lingua de seu e un xeito de vivir e amosarse, e na exclusividade desas dúas circunstancias lígase coa contorna, coa historia, coa tradición, cos devanceiros e co futuro.

En Galiza cando falamos da Lingua falamos de como conservalo, de como mantela viva porque ese é o problema fundamental co que nos atopamos, falamos de como seguir falando e sobre todo se falamos dende o rural, onde aínda se conserva algo do que xa se perdeu nas vilas e cidades, dende ese punto de vista habería que incidir en:

- Causas de abandono lingüístico entre a mocidade.
- Ven de fóra ou de dentro o desleixo da lingua?.
- Canto colabora o profesorado no mantemento e/ou o abandono da lingua.
- Canto de responsábel é a socialización na perda da lingua nai.

Mais non estaría de máis definir tamén como pode ser o futuro dunha lingua falada por dous millóns e medio de persoas nun contexto globalizado, como se artellan as conexións entre unha lingua non estendida -ou minimamente estendida fóra das nosas fronteiras- e a realidade lingüística comercial, científica, económica, migrante; podemos falar de:

- A relación indirecta -a través do castelán- do galego con outras linguas diferentes do español.
- A posibilidade de vivir en galego na internet, e máis xenericamente no mundo dixital.
- A opcionalidade do galego no mundo audiovisual.
- A importancia de termos ferramentas cotiáns en galego.

Como presentamos o tema da cultura?: con tantos problemas no rural (despoboamento, precariedade dos servizos básicos...), por que está asumido que a cultura está nas cidades? esquecemos a importancia de realizar actividades culturais (é un mal menor).

- Considérase unha necesidade, realmente, a actividade cultural?.
- Temos, en xeral, a infraestrutura necesaria para organizar calquera evento?.
- Quen organiza esa actividade e con que apoios?.
- Aínda que só fose a recompilación das tradicións, das lendas, o estudo etnográfico, as cancións ou, por outra banda, o fomento do coñecemento do patrimonio histórico e arqueolóxico.( A importancia de coñecelo para conservalo).
- É outro atractivo que agora non ten.

## POR QUE ESTAMOS PERDENDO A LINGUA?

### ORIXE DOS PREXUÍZOS

- Preténdese infravalorar á sociedade que fala a lingua e non só se considera como negativo o uso da lingua senón a propia sociedade que a fala.
- Desprezo polo feito de sermos galegos: polo feito de existirmos como pobo e preténdese limitar a nosa capacidade de desenvolvemento, social, económico e de calquera outro tipo, e a capacidade de atopar solucións aos nosos propios problemas.

### FACTORES

- Transmisión xeracional: **ten que ver co prexuízo de que para crecer socialmente é preciso abandonar a lingua propia.**
- A escola ten unha función desgaleguizadora: ten que haber espazos de uso.
- Prexuízos lingüísticos: **“Que se falase español, e cada vez máis, foi un feito planificado e contestado pola parte máis consciente da sociedade que xa sabía o que se estaba facendo”.**
- **A política lingüística é claramente desgaleguizadora e regresiva dende o 2010.**
- Responsabilidade de colocar á sociedade nun contexto de aprendizaxe, de encontro coa lingua e de facilitador de espazos de uso.
- Marco normativo e planificación lingüística governamental que teña os fins de restitución, recuperación e reparación de usos para a nosa lingua.
- Dende os poderes públicos se promove a ausencia e a exclusión a pesares da obriga de promovelos segundo o estatuto de autonomía.
- Nos espazos de desenvolvemento da mocidade e do alumnado o galego queda excluído.
- O galego non se pode manter só coa transmisión xeracional, si os prexuízos se manteñen e si a exclusión se mantén.
- Non é compatible a ausencia na maior parte dos espazos de uso co resto de cousas que se pretende que acontezan para o galego sen ningún tipo de actuación.

## No ensino:

- As materias que teñen máis carga horaria -matemáticas, física, química e tecnoloxía- están excluídas do galego. Non se chega ao 33% que marca o decreto de plurilingüismo.
- Neste momento non se lles da ningunha oportunidade aos nenos e nenas de aprender o idioma nin aprender a cultura que trae ese idioma (24%).
- O galego non existe nas escolas infantís.
- **Resultado: moito alumnado non sabe falar galego. 1 de cada 4 menores de 15 anos non saben falar galego( dato do IGE).**
- **Se partimos dunha heteroxeneidade non podemos ter un modelo de ensino no ámbito lingüístico homoxéneo.**

## DATOS:

- O 0,4% dos xogos e xoguetes comercializados en Galicia teñen algunha referencia, como poden ser as instrucións, en galego.
- <1/1000 dos títulos das plataformas de tv son en versión orixinal en galego, e non hai nada lexendado nin dobrado ao galego.
- Na televisión de luns a venres a presenza do galego é do 4,6% e a fin de semana do 2,7%.
- No rural a situación está mellor pero non moito. por ex. nalgunha cidade galega só entre o 2-3% se fala galego, mentres que no rural fálase entre o 20-30%. Iso quere dicir que nun 80% non existe.
- Os materiais didácticos en galego roldan o 20-30%.

A presenza na dobraxe, lexendaxe, auto descrições ou a presenza na televisión infantil e xuvenil foi o que lles levou a impulsar a iniciativa **Xabarín**, aprobada no parlamento galego.

**Neste contexto non é posible unha recuperación do galego.**

**A situación hoxe é negativa e grave pero cada vez hai máis xente disposta a actuar individual e colectivamente para reparar a situación. Na medida en que isto se produza o futuro do galego poderá estar garantido dentro dun proceso que será longo e problemático máis deberá tomarse en serio por parte dos poderes públicos, sobre todo se eses poderes públicos están comprometidos co futuro do país.**

Coñecer a lingua e non ter prexuízos é fundamental para empregala con naturalidade.

## POR QUE ESTAMOS PERDENDO A CULTURA?

Confederación **ANPAS GALEGAS** somos as Federacions de ANPA de: Cangas do Morrazo, Comarcas Condado-Paradanta e Louriña, Federación Galeg "Compostela", Provincial da Coruña "Costa da Morte", FerrolTerra, Provincial de Lugo, Redondela, Val Miñor e Vigo





Rúa Estocolmo, 8  
15707 – Santiago de Compostela  
anpasgalegas@gmail.com

[www.anpasgalegas.gal](http://www.anpasgalegas.gal)  
<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>  
<https://twitter.com//ANPASGALEGAS>

Tel 610 616 968 - 600 699 293

## **A un pobo ao que apartan da súa lingua, apártano da súa cultura.**

Non hai país próspero que non teña unha base agraria importante.

### **ORIXE DO DECLIVE DA CULTURA NO RURAL**

**Modernización do agro:** A desaparición da cultura popular creada ao redor dos traballos, oficios e comunidade aconteceu coa modernización e destrución do agro e das súas formas produtivas a partires do ano 1976; pasamos de 570.000 persoas ocupadas no agro a 40.000 hoxe en día; e acentuáse o proceso de españolización no campo. Na cuestión idiomática o arrase foi total.

### **SOLUCIÓNS (fórmula):**

- Novo estado de opinión: a xente ten que sentirse orgullosa do que son e do seu medio .
- Servizo para atender as necesidades culturais da contorna.
- Transmiten valores de dignificación do país e de profundo humanismo nas relacións sociais.
- A programación vai de menos a máis.
- A programación debe ter unha continuidade e unha secuencia determinada.
- Manter unha relación o máis personalizada posible.
- Conseguir unha base de datos propia coa xente que lles segue. Isto proporciona certa autonomía.
- A programación debe ter unha liña de calidade axeitado.
- Que a programación sexa diversa.
- Que sexa sustentable economicamente.
- **Equipamentos culturais deste tipo axudan a que a nosa xente se sinta máis satisfeita e identificada co espazo.**



Rúa Estocolmo, 8  
15707 – Santiago de Compostela  
[anpasgalegas@gmail.com](mailto:anpasgalegas@gmail.com)

[www.anpasgalegas.gal](http://www.anpasgalegas.gal)  
<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>  
<https://twitter.com//ANPASGALEGAS>

Tel 610 616 968 - 600 699 293

Asistimos en pandemia á práctica desaparición do galego no ensino simplemente porque os materiais estaban en español. Estamos defendendo unha lingua que á rapazada non lle resulta útil. (Ese mesmo problema o ten o español fronte o inglés). Estamos acabando con toda a cultura. Ao final un dos grandes problemas que temos na infancia e na adolescencia é a socialización no grupo.

- Estase producindo unha cultura nova e debemos promover a creación dunha cultura viva. É preferible unha lingua viva e que fale e escriba do que realmente ten.
- Os cambios na sociedade danse cando hai unha consciencia de que o presente non lle vale á sociedade.
- **Galicia ten dereito a que o seu idioma perdure e sexa os eu medio natural de comunicación ou non o ten?.**
- **A xente ten dereito á cultura ou non a ten?.**
- A cultura é dinámica e temos que estar cos tempos e sen esquecer de onde vimos para saber a onde imos.

## FORO IV - QUE TEMOS QUE RESOLVER PARA TERMOS O RURAL QUE QUEREMOS?

### Participantes:

- **Ovidio Rodeiro:** parlamentario da comisión de educación do grupo do PP.
- **Xosé Luís Rivas, “Mini”:** parlamentario da comisión de agricultura do grupo BNG.
- **Luís Álvarez:** parlamentario da comisión de educación do PSDG-PSOE.

### INTRODUCCIÓN

- Transporte escolar: un neno-a dunha cidade tarda un tempo en chegar á escola, quizais non menos do que tarde un neno transportado no rural. Porén, no caso urbano esa circunstancia non se cuestiona, e no caso do rural o transporte é un elemento que distorsiona. Que é o que diferencia ámbolos dous sistemas, que fai que o transporte rural sexa un problema?. A escaseza , o rigor horario, a percepción de que no rural o transporte marca os tempos en tanto que no urbano é un servidor deses tempos?.
- Transporte non escolar: como se move a xente no rural ?, cando de autónoma tes que ser para poder desprazarte?, como resolvemos o problema da mocidade que xa non está no ensino obrigatorio pero que ten que chegar a centros de ensino todos os días?.
- Conectividade: cal é a realidade da vida dixital no mundo rural?, cal é o custo e cales son as auténticas disponibilidades coas que se atopan as súas habitantes?.
- Sociabilidade: até onde se pode vivir con pouca xente ao redor ?, sobre todo na infancia e na adolescencia. Que habería que facer para que as habitantes do rural tiveran a sensación de estaren vivindo acompañadas nos períodos vitais nos que iso é imprescindible? .

E isto último lígase totalmente coa proliferación dun modelo urbano de organización de servizos, coma se fose o único posíbel, pero:

- Non é necesario centralizar as actividades educativas complementares en grandes edificios; deixando á marxe o feito de que o modelo de atención non ten porque ser rendíbel, nin barato, porque o seu rendemento é social, tamén habería que pensar se realmente o modelo de concentración é efectivamente menos custoso en termos de custo económico conxunto (quizais se sumamos o custo do transporte ao custo do servizo, e o custo das horas empregadas, resulte máis económico traer o servizo que levar ao alumnado).
- Hai que facer programas de difusión xeneralista das diferentes opcións culturais, artísticas, lingüísticas, deportivas, que se acheguen á vida cotiá da xente do rural; haberá a quen lle abonde con iso, haberá quen queira afondar e teña que buscar fóra o seguinte chanzo, pero xa irá sobre seguro.
- Hai que programar e edificar para a vida que queremos, os servizos do rural estanse artellando para xente de idade porque demos por perdida a batalla do futuro. Pero hai que repensar se o modelo urbano de atención, mesmo a esa xente maior, é válido e útil no mundo rural.
- E nesa liña, hai que pensar se o gran valor do rural que é, e sempre foi, a vida comunitaria, non será unha opción mellor que o recollemento social en contedores diversos e clasificados, no canto de organizar espazos comúns e vivos.

## SITUACIÓN ACTUAL:

- Galicia ten 33000 núcleos poboacionais.
- 450000 menores de 30 anos, no 2015.
- 234 concellos con menos de 10000 habitantes.
- 63% dos concellos teñen menos de 5000% habitantes.
- En Lugo o 81% dos seus concellos teñen menos de 5000 habitantes e no caso de Ourense, o 88%.
- Temos un rural desestruturado territorialmente.
- 21% da superficie agraria útil cando debera estar nun 40-45%.

## SITUACIÓN NO ENSINO

- A escola rural ten unhas características que teñen que atenderse dunha maneira especial e o servizo educativo.
- O peche de escolas e a restrición de profesorado inflúen nas necesidades de apoio e reforzo educativo.
- Optatividade: non é igual para todos. Nos centros pequenos non hai posibilidades.
- Precariedade e inestabilidade moi elevada no profesorado que imparte nos centros rurais.
- É tamén un elemento vertebrador para as parroquias, concellos pequenos e para a sociedade en definitiva. Por iso debera ser obxecto dunha especial protección.

## QUÉ RURAL QUEREMOS?

- Un rural produtor e transformador.
- Un rural consciente e que aproveite dos seus recursos.
- Un rural que estea orgulloso da súa fala é importante porque na fala está a maneira de velo mundo, o nexo de unión, é o que fai que sexamos sociedade.
- Un rural coas últimas tecnoloxías ó servizo das familias e das explotacións pequenas.

## SOLUCIÓNS

- **Acordo político:** garantir unha carteira de servizos mínimos irrenunciábeis.
- **Plan de desenvolvemento e enfoque integral** dende varias consellerías.
- O ámbito rural e o ámbito urbano teñen realidades distintas e requiren atencións distintas.
- **Esfuerzo orzamentario:** o goberno galego e que ten que recuperar servizos, ten que darlle dinamismo necesario para que sexa un rural de bandeira e deixe de ser a Galicia da tristeza e do silencio.
- **Definición de escola rural e consenso nesa definición:** iso vai limitar que políticas vamos a desenvolver e á hora de valorar os custes que ten ese servizo. Esa valoración non se pode facer cun simple rateo porque detrás dun mantemento dun rural no que a xente queira e poida vivir, está a custodia do territorio.
- **Deseño dun sistema de valoración obxectiva:** mediante definición de indicadores para ver cal é a resposta máis axeitada que hai que dar.
- **Creación de servizos de apoio** para a cidadanía pero tamén cun desenvolvemento económico específico para atender as necesidades que ten.
- **Condicións axeitadas** para ter xente que queira vivir no rural, manterse no rural e desenvolver o seu proxecto de vida no rural.
- **Facer atractivos eses centros rurais.**
- **Infraestruturas e dotacións idénticas** en calidade e en cantidade aos centros urbanos.

**O rural necesita unha escola próxima, ao servizo do desenvolvemento do rural porque o rural ten futuro dunha obra enorme pola que está esperando dende fai tempo.**

**A escola rural ten futuro pero depende das decisións políticas que se tomen sobre ela .**

## CAPÍTULO V

### E A ONDE CHEGAMOS LOGO DE TANTA ESCULCA?

Pois chegamos a moitas conclusións diferentes, ningunha que supoña unha excesiva sorpresa, pero si nalgúns casos unha pequena dúbida sobre os tópicos que tamén temos quen cremos que non participamos dese tópico.

Salientaremos, ao noso entender, algunhas cousas significativas:

- **Non hai unha definición do que é o rural galego**, nin o rural en xeral. Pero non a hai porque hai forzas moi interesadas en que non exista. Se houber unha definición, habería un camiño que andar, e unha reclamación por non andalo, e iso semella non interesar.
- **Non hai, polo tanto unha planificación do rural galego**; xa nin dicimos que esa planificación sexa positiva ao noso entender, calquera sería un punto de partida, pero non o hai, ou ninguén soubo indicalo, canto menos.
- **A xente do rural sabe ben onde está**, pero tampouco está nas súas mans salvar o País, e iso tamén o sabe. O rural é un problema demasiado grande para que a poboación teña as solucións, é necesario que quen ten o poder o utilice para camiñar cara a algures.
- **A escola rural é o soporte vital inescusábel da vida social, e do futuro do País no rural**. Se non hai escolas, non hai vida que vaia. E falamos de escolas para simplificar, pero quen lea ten que escoitar diferentes nomes: unitarias, colexios, institutos, centros de FP, centros de formación musical, lingüística, deportiva, tecnolóxica...
- **O País ten que asegurar a mesma oferta a toda a xuventude**, estea onde estea, pretenda o que pretenda; o que estea ao alcance dunha crianza do centro da máis grande das cidades galegas ten que estar tamén nas opcións doutra crianza que viva na montaña máis arredada. Non é unha utopía: chámase dotación tecnolóxica, creatividade na oferta, diversificación das fórmulas de aprendizaxe. Chámase conciencia de equidade. E é a condición primeira e máis básica para que o rural permaneza e medre.

- **Ninguén vai ficar no rural se o rural non lle oferta unha vida tan cómoda, tan completa e tan interesante como a que pode atopar noutro medio**; por iso hai que dotar ao rural de servizos, e hai que facelo xa, porque quen marcha é ben raro que volva.
- **Hai que poñerse a traballar**, definiro que queremos como País, como pobo, como cultura e como sociedade, é unha reclamación que todo o mundo fai súa, pero que logo moi poucas levan á práctica. Urxe un Plan específico para o rural, que veña acompañado doutro xeito de entender ese espazo, e -por suposto- que traia de seu unha morea de cartos para frear as desigualdades que arrastramos de milenios de abandono.
- **A escola rural non é a escola urbana, nin queremos que o sexa nin pode selo**. Precisamos que a xente que dea clase no rural coñeza a contorna, saiba utilizala e valorala, que teña a formación, a permanencia, os medios e os incentivos necesarios para que tamén elas fagan vida e oficio nun rural diferente.
- Tamén nas vilas e cidades, pero **no rural é especialmente fundamental que a escola entre nas casas, e que as casas vaian á escola**. Neste momento, con esta densidade de poboación sempre minguante, non podemos permitirnol velocidades diferentes na educación, nin discrepancias no discurso coa xente moza. A interrelación entre familias e profesorado ten que mellorar e intensificarse rotundamente.

Queremos facer especial fincapé, nestas páxinas finais, no que quizais foi o máis doente deste traballo: o desleixo cara a nosa lingua que tamén se albisca no rural galego, que foi sempre o seu principal valedor ao longo da historia.

Nunca diremos o bastante que o rural é a cultura deste País, e que a Lingua é o berce desa cultura. Tamén por iso hai que traballar no rural, para que permanezamos.

E tampouco queremos dicir moito máis, conclusións hainas a esgalla e todas acaban no mesmo pote: se queremos un rural vivo temos que procurar nel; e se non o queremos? Entón, dende a nosa mirada, é que non somos galegas de ben; porque **manter esta forma de vida e de identidade é responsabilidade de todas e cada unha de nós, do País todo**.